



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

ref.: mjsp/ Acta Pleno/AX/SX/nº 03-17 de 02/03/2017

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA Nº 03/2017 DO PLENO DO CONCELLO

Lugar: Auditorio Lois Tobío.  
Data: 02.03. 2017.  
Hora de convocatoria: 20:00 h.  
Hora de comezo: 20:05 h.  
Hora de remate: 21:42 h.

ASISTENTES

- D. Juan Francisco Ferreira González
- Dna. Nuria Lameiro Valverde
- D. José Manuel Chamorro González
- Dna. Iria Lamas Salgueiro
  
- D. Fernando Guitián Guitián
- Dna. Natalia Sofia Salgueiro Hermida
- Dna. Patricia Durán Pérez
- D. Jesús Salgueiro Pérez
  
- D. Manuel Gómez González
- D. Javier Gregores Méndez
- Dna. Beatriz Fernández Alonso
  
- D. Pauliño Damián Del Río Iglesias
- D. Josué Villar Ballesteros
- Dna. María Jimena Varela Rodríguez

SECRETARIO

- Pablo Portela Fernández

No Auditorio Lois Tobío, habilitado como salón de sesións da Corporación, nesta Vila de Gondomar, ás 20:05 horas do 2 de marzo de 2017, reuníronse os membros da Corporación, anteriormente relacionados asistidos polo secretario municipal, por mor de celebrar a Sesión Ordinaria do Pleno, regulamentariamente convocada para este día, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación da acta da sesión anterior núm. 1/2017
2. Expediente 240/2017. Bolos Celtas.
3. Fiscalización e control dos Órganos de Goberno:
  - a. Dar conta das Resolucións de Alcaldía – Tomo II – 2017, mes de febreiro.
  - b. Dar conta do Decreto de Alcaldía: Modificación de delegacións xenéricas e especiais das áreas de goberno.
  - c. Dar conta do Decreto de Alcaldía: Modificación da composición das CCII.
  - d. Dar conta do Decreto de Alcaldía: Modificación da composición da XGL.



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

- e. Información a remitir ao Pleno da Corporación de marzo por parte do Departamento de Intervención.
  - f. Liquidación Orzamento exercicio 2016.
4. Mocións.
- a. Moción para instar á Xunta de Galicia a recuperar e utilizar o antigo hospital do Rebullón para servizos socio-sanitarios públicos.
  - b. Moción de apoio á folga xeral educativa do 9 de marzo.
  - c. Moción en defensa do Sistema público de pensións.
  - d. Moción rexeitamento ao acordo CETA e aos tratados TTIP e TISA.
  - e. Moción de apoio ao sector da estiba.
  - f. Moción: Centro de Saúde.
  - g. Moción 8 de marzo.
5. Rogos e preguntas.

**1. Aprobación da acta da sesión anterior núm. 1/2017.**

Sr. Alcalde: ¿Intervencións sobre a acta da sesión anterior? ¿ningunha?

Non producíndose ningunha intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

**VOTACIÓN E ACORDO**

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a acta da sesión anterior n.º 1/2017 do Pleno do Concello.**

Sr. Alcalde: Cuestión de orde, Sr. Pauliño, dime o Secretario que non votou, dámo-lo como unha abstención, ou repetimos a votación, perdón, ¿sí? vale, vale, perdoe, si, a prol tamén. Grazas.

**2. Expediente 240/2017. Bolos Celtas.**

*Pola Concelleira de Deportes Sra. Nuria Lameiro Valverde, dáse lectura á Proposta da Alcaldía, de data 22.02.2017, sobre a aprobación, se procede, do apoio para que os Bolos Celtas sexan declarados como Ben de Interese Cultural, Etnográfico e Inmaterial dentro do Patrimonio de Cultura de Galicia, co fin de solicitar ao Parlamento Galego esta declaración, que literalmente di:*



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

## **PROPOSTA DE ALCALDÍA**

### **ASUNTO: BOLOS CELTAS**

*Juan Francisco Ferreira González, alcalde do concello de Gondomar*

#### **EXPÓN**

O xogo dos bolos está presente nas catro provincias de Galicia, practicándose dende a antigüidade en case todos os nosos pobos, sendo numerosas as variantes e modalidades deste deporte e xogo tradicional. Na actualidade, algúns destes xogos gozan de boa saúde, outros están agonizantes ou case non se practican, e outros moitos xa desapareceron.

Este xogo foi practicado dende a prehistoria, onde se utilizaban como bolos osos ou madeiras, e coma bolas, pedras. Como referencia arqueolóxica temos un descubrimento que data do ano 5200 a.C., onde se atoparon 9 obxectos con forma de bolo de alabastro e 4 bolas de pórfido branco e negro. Tamén no ano 2007, un equipo de arqueólogos italianos, descubriron unha boleira empedrada do ano 332 a.C., que data da dinastía Grecorromana.

En Europa aparecen numerosos escritos onde se fala da súa práctica, e onde se menciona que se xogaba dentro das igrexas e mosteiros, onde os bolos simbolizaban o mal a cal había que derribar.

Atopáronse tamén numerosos petróglifos galegos nos Concellos de Oia, O Rosal e Baiona, que pese a non ter estudos realizados para datar a súa antigüidade, indícanos que son moitas as variantes que existían. Tamén cabe destacar que os Bolos tiveron moitísima forza durante os séculos XIX e XX, practicándose en case toda Galicia durante as festas e feiras que se realizaban, e eran moitas as tabernas que para atraer aos clientes montaban unha boleira.

Tamén foron levados para América pola emigración dos galegos/ as os/as cales levaron a noso patrimonio cultural.

Mostras diso son as modalidades que se practican nos Centros Galegos de Arxentina e Uruguai.

Na antigüidade era practicado por todas as clases sociais, dende nobres ata rapaces, proba diso, témola en numerosos escritos que nos deixaron escritores da talla de Cervantes, Lope de Vega, Mateo Alemán, Quevedo, Juan Caro, entre outros, e os dous tapices que se encontran no museo da Catedral de Santiago da época de Felipe II. Tamén se atopan citados en numerosos escritos realizados pola Igrexa e polo Estado prohibindo a súa práctica.

Fora dunha maneira ou doutra, o certo é que os Bolos Celtas chegaron a nosa terra fai moitísimos séculos e entres nós levan dente entón. Como froito desa convivencia e da súa práctica ao longo de tantos anos estes sufriron unha evolución e unhas variacións que son propias e exclusivas da nosa terra, legado inmaterial dos nosos/as devanceiros/as. Deste xeito os Bolos Celtas constituíronse como un patrimonio cultural e etnográfico de necesario recoñecemento e protección.



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

*É COMETIDO DE TODOS/AS NÓS E DE TODOS OS ESTAMENTOS PÚBLICOS, A SÚA DIFUSIÓN, FOMENTO, DIVULGACIÓN E PROTECCIÓN, POIS SE NON LLE POMOS SOLUCION DEIXARÁN DE EXISTIR A MAIORIA DESTAS MODALIDADES NUN CURTO ESPAZO DE TEMPO*

*Por todo o exposto e como queira que os bolos celtas son un xogo autóctono e milenario no noso país, é polo que*

**SOLICITO**

*Que o Pleno de este Concello aprobe esta proposta de apoio para que OS BOLOS SEXAN DECLARADOS COMO BEN DE INTERESE CULTURAL-ETNOGRAFICO INMATERIAL, DENTRO DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA, co fin de solicitar ao Parlamento Galego esta declaración.*

**DELIBERACION**

Sr. Alcalde: Grazas Sra. Concelleira, teño que dicir ao respecto, que é unha iniciativa esta da declaración de declarar os Bolos Celtas como un Ben de Interese Galego, é unha petición que nos achega a Federación Galega de Bolos Celtas, e que así o achegou a tódolos concellos de Galicia, de feito en Baiona foi aprobada tamén por unanimidade e respectivos concellos, polo tanto seguindo con esa liña, porque compartimos ademais que é axeitada, traemos este punto, por petición expresa da Federación Galega de Bolos Celtas, non é que sexa unha iniciativa tampouco de Goberno por si, e atendendo a esa petición que se nos fai. Moitas grazas.

¿Intervencións? ¿ningunha?


Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

**VOTACIÓN E ACORDO**

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar o apoio para que os Bolos Celtas sexan declarados como Ben de Interese Cultural, Etnográfico e Inmaterial dentro do Patrimonio de Cultura de Galicia, co fin de solicitar ao Parlamento Galego esta declaración.**

**3. Fiscalización e control dos Órganos de Goberno:**

- a. **Dar conta das Resolucións de Alcaldía – Tomo II – 2017, mes de febreiro.**



**Resolucións Alcaldía Tomo II- 2017 – mes de febreiro.**

En cumprimento do disposto no art. 33 do Regulamento Orgánico deste Concello, dáse conta das Resolucións adoptadas por esta Alcaldía no ano 2017 dende a:

115. DECRETO 2017-0115 [Decreto PP LIC-7 NICOLÁS]  
(AS5WYSL25HRG25TLMYTFEQSQX)
116. DECRETO 2017-0116 [Resolución requirimento obeso oliveira]  
(3CQA6NJT2QYQ6492HXG7FQ75M)
117. DECRETO 2017-0117 [Decreto nóminas mes de xaneiro]  
(4AQTQH2MLQ6XTHYTKHWC6LARY)
118. DECRETO 2017-0118 [Horas extras educación2] (49T7FPPKGTN9TW95QZJ7HN5R3)
119. DECRETO 2017-0119 [RESOLUCIÓN SOBRE XORNADA E HORARIOS DE TRABALLO DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE GONDOMAR]  
(AZXGP5HDPSSN5FR5CF3MDZGN7)
120. DECRETO 2017-0120 [Modificación Comisión Informativas]  
(4CTWF4EPLCLRG4F2HXZTRXL32)
121. DECRETO 2017-0121 [RESO\_PREGUNTAS PLENO]  
(ALL5KLKCGHWGSGFP7ZXQCC6XS)
122. DECRETO 2017-0122 [Decreto da convocatoria]  
(9AHNEEXRKS4T9QQDEQCW5D3WL)
123. DECRETO 2017-0123 [Resolución de Alcaldía da Plusvalía 7]  
(4JEYKF3ATNQRD3KW5MT337JPW)
124. DECRETO 2017-0124 [Resolución de Alcaldía da Plusvalía 6]  
(4SPJWA7EZM3TEC4XDKA9PW43Y)
125. DECRETO 2017-0125 [Resolución de Alcaldía da Plusvalía 5]  
(73WEK4SMFYCG9QJJDHHRWNJ4D)
126. DECRETO 2017-0126 [Resolución de Alcaldía da Plusvalía 4]  
(96KN565CWREG4WKFS4KJ4HELH)
127. DECRETO 2017-0127 [Resolución de Alcaldía da Plusvalía 3]  
(5WR4SM7MJY7TZ67R6Y7DN9J6Y)
128. DECRETO 2017-0128 [Resolución de Alcaldía da Plusvalía 2]  
(AAF6PCFEKWP4YPZF3YFRT7XMT)
129. DECRETO 2017-0129 [Resolución de Alcaldía da Plusvalía 1]  
(9WWLEXGNQNYSQLMWKT4LW7J3Z)
130. DECRETO 2017-0130 [Resolución de Alcaldía da Plusvalía JESÚS]  
(AFM93Q6CZA4F2ZWTCR3XZWK7X)
131. DECRETO 2017-0131 [Resolución de Alcaldía da Plusvalía JORGE 2]  
(5KPWRDVK2QGQN5FYWPJXWLNEF)
132. DECRETO 2017-0132 [Resolución de Alcaldía da Plusvalía PAULA 2]  
(4G4JRS9YYXPLP3E5AZWLEEL9Z)
133. DECRETO 2017-0133 [Resolución de Alcaldía da Plusvalía JORGE 1]  
(AYG462TXEZRT9MAWTYL5HAKZ6)
134. DECRETO 2017-0134 [Resolución de Alcaldía da Plusvalía PAULA 1]  
(4TAZL9LNGT6R42QKEKFMEQWGN)
135. DECRETO 2017-0135 [RESOLUCIÓN AMPLIACIÓN DE PRAZOS]  
(4QNSHQX6P2S5TDNM949MKD936)
136. DECRETO 2017-0136 [Resolución Orde de execución Pazo Alto]



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

- (9YHQX2LLW422HKS5EXDPEHTZT)
137. DECRETO 2017-0137 [DECLARACIÓN INEFICACIA CAMBIO DE CUBERTA]  
(3D9WNRZGXCAZDCMQARRXJ6CLF)
  138. DECRETO 2017-0138 [DECRETO DE ALCALDÍA DELEGACIÓN]  
(A4RAPX4WNERMQF4AXJ5E6SLH9)
  139. DECRETO 2017-0139 [DECRETO DE ALCALDÍA modificación XGL]  
(7HKHAS7G2XKFF6EN3SMZDEG6H)
  140. DECRETO 2017-0140 [Resolución alcaldía aprobación bases Entroido]  
(9TFJXGPJR9TNJZA23JT3MPHRH)
  141. DECRETO 2017-0141 [RESOLUCIÓN DE REQUIRIMIENTO]  
(YNA46FWXXDTH4F4J92A6ZC4J2)
  142. DECRETO 2017-0142 [RESOLUCIÓN DE ARCHIVO]  
(A5L4E4LMWSKZMQPEPAR53M6HL)
  143. DECRETO 2017-0143 [Resolución alcaldía modificación 3/17]  
(9RTKNGX4M535W9PM2F6YFKMF)
  144. DECRETO 2017-0144 [Resolución personación PO 25-2017]  
(DCKWCRWHQL2PYPTQA7HZ463E)
  145. DECRETO 2017-0145 [Resolución alcaldía 10ª RESOLUCIÓN COMEDOR 2016-2017] (7LR5DW47WNHSW5JX3EWC2QP39)
  146. DECRETO 2017-0146 [RESOLUCIÓN Bolseiros 17]  
(3M35WWE32HAC9AC69AF9DSEFS)
  147. DECRETO 2017-0147 [Horas extras educación] (4WXZPLQYMJC7JRMXDZY93KF94)
  148. DECRETO 2017-0148 [Resolución desestimatoria MGA]  
(4AJG3FQRTFGYHH3FEDX6QWZL4)
  149. DECRETO 2017-0149 [Resolución alcaldía relación 7]  
(7D9PWD957KZXAC9FPKJ3LS54G)
  150. DECRETO 2017-0150 [RESOLUCIÓN DE REQUIRIMIENTO DE PAGO DO ICIO]  
(7LCNQJEHCSNRWPST5Y43697CJ)
  151. DECRETO 2017-0151 [RESOLUCIÓN DE REQUIRIMIENTO]  
(6SELT6SEH7RDMH27TXD7AH73M)
  152. DECRETO 2017-0152 [RESOLUCIÓN DEVOLUCIÓN INGRESO POR DUPLICIDAD RECIBO ALCANTARILLADO DE Mª ROSA GONZÁLEZ]  
(4TMMT4F3GH7JL4DMTGTPGQME3)
  153. DECRETO 2017-0153 [Resolución contratación formador creación de empresas]  
(4HKMECFJHQ7M9A57WCRRTNFY4)
  154. DECRETO 2017-0154 [Resolución de Alcaldía relación 8]  
(3MJYSMDFKPPZXJAKDLXSRTKFS)
  155. DECRETO 2017-0155 [RESOLUCIÓN] (ZCT6W54C5PZLYXHJ9P643KPGL)
  156. DECRETO 2017-0156 [Resolución alcaldía SAF-L.C.JOSE MANUEL PINO PAZOS]  
(9M3C69QG7GSSK5NGPHELYQ5KZ)
  157. DECRETO 2017-0157 [Multas 17.1] (6WMH64RKNQR6P7634HGN4ZZ4R)
  158. DECRETO 2017-0158 [Decreto da convocatoria] (4R3SH9ZMAMAZ65D55LTZ6W5E5)
  159. DECRETO 2017-0159 [RESOLUCIÓN DE REQUIRIMIENTO DE PAGO DO ICIO]  
(95DZCHKP4JY9KSACMGL475W7Y)
  160. DECRETO 2017-0160 [RESOLUCIÓN TITORÍAS Bolseiros 17]  
(9K4EH5A4SZW6LJ9HJYXHFF2R5)
  161. DECRETO 2017-0161 [RESOLUCIÓN DEVOLUCIÓN IMPORTE RECIBO ALCANTARILLADO JORGE SESTELO SOLIÑO] (5XEH6T52J7T7D5E7GC3YXK9SR)
  162. DECRETO 2017-0162 [020717 CPM] (ADRHN3AQSA29NQ2PFC6GYQSLM)
  163. DECRETO 2017-0163 [004637 DE 190916 RECTIFICATIVA]  
(925CNSND9GGLH3WSC79WH6NAH)



CONCELLO  
DE  
GONDOMAR  
(Pontevedra)

164. DECRETO 2017-0164 [342.17 Orde de execución centro de saúde]  
(353JXCGX96DDFGGR2JXFM5Q59)
165. DECRETO 2017-0165 [Resolución Ben Municipal] (7FQRZH4YCC223JJAP37QTJLSR)
166. DECRETO 2017-0166 [RESOLUCIÓN PERMISOS, LICENZAS, VACACIÓNS  
LABORAIS] (LRZFYZ6NWH2EAE7HSALK6DAJQ)
167. DECRETO 2017-0167 [Resolución ADHESIÓN SUBVENCIÓN COFINANCIAMIENTO  
SS.SS. DEPUTACIÓN PONTEVEDRA ANO 2017] (55F327769HM7DCPEJAA9TT64D)
168. DECRETO 2017-0168 [RESOLUCIÓN PERMISOS, LICENZAS, VACACIÓNS  
FUNCIONARIOS] (39QCY7YH9DA5QTS6ADSYJMH37)
169. DECRETO 2017-0169 [Resolución alcaldía Acta comedor 11ª RESOLUCIÓN 2016-  
2017] (44GLHA5LGM4RJCKAYTPXANZKR)
170. DECRETO 2017-0170 [RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA]  
(62Q2Z5LY9NPAJQNLDPX9FCY3S)
171. DECRETO 2017-0171 [Resolución da Alcaldía] (AAMYEQ26XA2FTZGX9WZE4ZQPY)
172. DECRETO 2017-0172 [Resolución nomeamento secretario accidental]  
(AE5LCY9ZY3LZG39JJK3M2JFX6)
173. DECRETO 2017-0173 [Resolución v.a. MONTERRUBIO]  
(9XHNJFX2KZX4QLKX55ATGDCYL)
174. DECRETO 2017-0174 [Resolución v.a. H. S.B.] (97E55D2AJ6AYK5TZAYQJNE55Q)
175. DECRETO 2017-0175 [RESOLUCIÓN DE REQUIRIMIENTO]  
(AMWDSXYAND3MT6JW7HYNC6SH3)
176. DECRETO 2017-0176 [RESOLUCIÓN DENEGACIÓN DÉBEDAS TRIBUTARIAS]  
(7HCLGNQFET92CYDXXQY3WWWMD)
177. DECRETO 2017-0177 [RESOLUCIÓN DE REQUIRIMIENTO]  
(3AXGK3HFQNWJMRT9W7EQ4WTY5)
178. DECRETO 2017-0178 [RESOLUCIÓN DE REQUIRIMIENTO DE DOCUMENTACIÓN]  
(Q2FMQPA9KDP9966KF3K9JR7WC)
179. DECRETO 2017-0179 [RESOLUCIÓN DE REQUIRIMIENTO]  
(EAT3AHA42MYPT4NX7NQ3PTLPY)
180. DECRETO 2017-0180 [Nómina parcial obradoiro febreiro]  
(6FM6TKXLM2YTXZQLTRYD959NM)
181. DECRETO 2017-0181 [Nómina parcial funcionarios xaneiro]  
(64LWF92XGQAQWPSAGPM79QRRW)
182. DECRETO 2017-0182 [Resolución da Alcaldía modificación orzamentaria 5/17]  
(5LLGE93MJYFR6EQTNJE9JT3NN)
183. DECRETO 2017-0183 [Resolución alcaldía facturas Atlántico Diario]  
(3XQNR3Y5R42CK9SSZK4YMMQK4)
184. DECRETO 2017-0184 [2 RESOLUCIÓN] (HDWWYHY69357XMDN49SFA5YYT)
185. DECRETO 2017-0185 [Resolución alcaldía SAF-L.C CASIANO DE SAA DOMÍNGUEZ]  
(5YZSWMYF2PZJL2QPLP6ERTWLA)
186. DECRETO 2017-0186 [Resolución alcaldía SAF-L.C.MANUEL BENÍTEZ ALONSO]  
(9WTMP2Y2WTTTF3S4LFDTFM9X9)
187. DECRETO 2017-0187 [RESOLUCIÓN ALCALDÍA RELACIÓN 13 (DESF)]  
(A4ENKHG697HNQC9SQJ7CK5AD2)
188. DECRETO 2017-0188 [RESOLUCIÓN 2 CERT.] (3S7CTHEZ7TAGCDPLSEXE7JT45)
189. DECRETO 2017-0189 [RESOLUCIÓN 3 final CERT.]  
(995QXRLZ6Q4PHQYKKL9237RG7)
190. DECRETO 2017-0190 [Resolución v.a. Aurora] (A27GNXWFF3GCQ6RH3XZ7GSDLJ)
191. DECRETO 2017-0191 [Resolución v.a. Mario] (3HLPGPZCCAYHSPAXDDKJ6AWGS)
192. DECRETO 2017-0192 [RESOLUCIÓN M. OURO]  
(9TADPDHPCPK9QYANDXN6FGEW)



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

193. DECRETO 2017-0193 [RESOLUCIÓN REVECÓN.]  
(7SY9RPEHEDPZ6AFXCMDLKTYKN)
194. DECRETO 2017-0194 [RESOLUCIÓN SANTIAGO I..]  
(74YPK7H99WJJY4EC5RDHPG3AS)
195. DECRETO 2017-0195 [RESOLUCIÓN MARTÍN C.] (43R972Q9ELY5QD7T2JF32K7KQ)
196. DECRETO 2017-0196 [RESOLUCIÓN ALCALDÍA (RELACIÓN 10)]  
(92KRRSCEPCNERQH77F6L7C5CS)
197. DECRETO 2017-0197 [RESOLUCIÓN J-M. CUADRADO.]  
(6XX3MFFCQDYKAQ4P2KSEWCEJS)
198. DECRETO 2017-0198 [RESOLUCIÓN FRANCISCO.]  
(6ZHT7CHET9RRN3HHFJ3K66WXJ)
199. DECRETO 2017-0199 [Horas extra M<sup>a</sup> Dolores González Agustíño]  
(7SJLJ3QSSS5P4RZYRKYQYZ9AX)
200. DECRETO 2017-0200 [Horas extras Eva Giménez Fernández]  
(AKCA3S5SG2RNFNWW733TESH3D)
201. DECRETO 2017-0201 [TOMA DE RAZÓN] (6MYRK3PXR936WM3CAA2K3F6SF)
202. DECRETO 2017-0202 [RESOLUCIÓN EMERXENCIA SOCIAL (PAX 4/17) PAGO FRA.  
LUZ Y AGUA.] (7LD9P9NZWAP7QZDY4TRKR6MX9)
203. DECRETO 2017-0203 [RESOLUCIÓN EMERXENCIA SOCIAL (PAX 5/17)  
ADQUISICIÓN ALIMENTOS FEBREIRO] (5KPSZD43PZZAPMPXZ34HPQHJE)
204. DECRETO 2017-0204 [RESOLUCIÓN EMERXENCIA SOCIAL (PAX 6/17) PAGO  
FACTURA LUZ] (5JJXJ6EP2MMW4FTRML49DKZG5)
205. DECRETO 2017-0205 [RESOLUCIÓN ALCALDÍA RELACIÓN 12 (DESF)]  
(ADDG2CTGZN22JQQGAJJ5KDYFA)
206. DECRETO 2017-0206 [RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA RELACION 16]  
(W39YXHHHXJKEFQQ9XL9PCJ3WZ)
207. DECRETO 2017-0207 [RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA RELACIÓN 11 (FAV)]  
(3ECTWLD69CEXG7ELGD97GZWRD)
208. DECRETO 2017-0208 [Resolución Recurso de Apelación]  
(35QPGNHACTGF6RG2R6A75FT7S)
209. DECRETO 2017-0209 [RESOLUCIÓN DE REQUIRIMENTO]  
(6CWJZDZXF6D94R6YSJDEJFZC5)
210. DECRETO 2017-0210 [Resolución requerimento pago icio]  
(AAQLDM5T62Z6LHE9R7ELHYEG)
211. DECRETO 2017-0211 [RESOLUCIÓN TOMA DE RAZÓN]  
(9MNPC7XQJFKS459ZKMM3ZAH4L)
212. DECRETO 2017-0212 [Resolución requerimento pago icio]  
(9NTAP6NDQNYGFPSF5SH9G7MJQ)
213. DECRETO 2017-0213 [RESOLUCIÓN EMERGENCIA SOCIAL (PAX 8/17). PAGO  
RECIBO LUZ] (3KNRDHL3YRJLFNHKM3SKJ63DS)
214. DECRETO 2017-0214 [Resolución da Alcaldía de aprobación da liquidación do  
orçamento do ano 2016] (9XDEN7QZ6S7955NKTGJ6QWKZ4)
215. DECRETO 2017-0215 [RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA - RELACIÓN 17]  
(6AHKH45ZGRMQX54Q475JTJWCG)
216. DECRETO 2017-0216 [RESOLUCIÓN EMERXENCIA SOCIAL (PAX 7/17) COMPRA  
COOXIMETRO] (6RRXAMQF9ZWEQJGMKHTGMNTP9)
217. DECRETO 2017-0217 [Resolución de Alcaldía de Liquidación da Plusvalía 4]  
(52M69YF22FEZ7DSFEZYAXYZHZ)
218. DECRETO 2017-0218 [Resolución de Alcaldía de Liquidación da Plusvalía 6]  
(4KH2LEDRWYTDH7WGGG5FF4EKC)
219. DECRETO 2017-0219 [Resolución de Alcaldía de Liquidación da Plusvalía 3]





CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontavedra)

- (5DTTL2XP6L6GZFK2TXAXRDG)
220. DECRETO 2017-0220 [Resolución de Alcaldía de Liquidación da Plusvalía 2]  
(3GY4JDLY2ZC5THLPRDHGTPW66)
  221. DECRETO 2017-0221 [Resolución de Alcaldía de Liquidación da Plusvalía 1]  
(5Q77ZMA4LXPWG5NWC6PXHQ6D6)
  222. DECRETO 2017-0222 [Resolución de Alcaldía de Liquidación da Plusvalía]  
(9AXMK43PWNDEG6LNLCPZ2RXTA)
  223. DECRETO 2017-0223 [Resolución de Alcaldía de Liquidación da Plusvalía 7]  
(5T6ZL537NXP5Q7E9AP37HNPYT)
  224. DECRETO 2017-0224 [RESOLUCIÓN TOMA DE RAZÓN]  
(XMR6DE7C45YS93HTANPJM277F)
  225. DECRETO 2017-0225 [Resolución de Alcaldía de Liquidación da Plusvalía 16]  
(6WDL4737MT46DWNKP9ZE5Y3EA)
  226. DECRETO 2017-0226 [Resolución de Alcaldía de Liquidación da Plusvalía 14]  
(4LAR5T55FQALR9P5NJCN4DAWZ)
  227. DECRETO 2017-0227 [RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA RELACIÓN 19]  
(4PMNR2DC3WNGT54RK9SMES3QC)
  228. DECRETO 2017-0228 [RESOLUCIÓN ALCALDÍA RELACIÓN 18]  
(5XZ4YZ2FN5XN6ZP7G56LYSL9D)
  229. DECRETO 2017-0229 [Resolución de Alcaldía de Liquidación da Plusvalía 13]  
(737XDSC557YLGSC7XD5GFE46Y)
  230. DECRETO 2017-0230 [Resolución de Alcaldía de Liquidación da Plusvalía 12]  
(4KC6TES56CY649DMA43J54YEQ)
  231. DECRETO 2017-0231 [Resolución de Alcaldía de Liquidación da Plusvalía 11]  
(CX9A2JRE5R979D6JSH59LR6ZT)
  232. DECRETO 2017-0232 [Resolución de Alcaldía de Liquidación da Plusvalía 10]  
(3XJLX3ZHD5RJZHGDYNCG539GW)
  233. DECRETO 2017-0233 [Resolución de Alcaldía de Liquidación da Plusvalía 9]  
(7W5AFMSR7X95WCZ37JQAWFJ73)
  234. DECRETO 2017-0234 [Resolución de Alcaldía de Liquidación da Plusvalía 8]  
(C9LPMGWD3P7Z3GQSP4AWWKZQY)
  235. DECRETO 2017-0235 [Resolución de Alcaldía de Liquidación da Plusvalía 5]  
(4AACPS37HP296WDXQKJFXMSGH)
  236. DECRETO 2017-0236 [Resolución requirimento pago inicio]  
(6WM7SCWT25GXQCQEQD4ALFE69H)
  237. DECRETO 2017-0237 [Resolución de Alcaldía (favorable)]  
(3HPHCHKHAHPEQWS2ZRCX4EWMW)
  238. DECRETO 2017-0238 [Decreto da convocatoria] (32LXCGQFLR3L2ZH2ACT9W79HR)
  239. DECRETO 2017-0239 [Resolución alumeado] (AH5X3AFM5YYHKCFWYALDXXKEX)
  240. DECRETO 2017-0240 [Resolución de Alcaldía de Liquidación da Plusvalía 17]  
(4RNAEX55DLDSZSHK9M65KT54C)
  241. DECRETO 2017-0241 [Resolución de Alcaldía de Liquidación da Plusvalía 15]  
(APPSR45KFMEA5QSKXELZ7JYS5)
  242. DECRETO 2017-0242 [Resolución de Alcaldía Gala Deporte]  
(6KLGD6LY2JKKH37N3PDQ5F255)
  243. DECRETO 2017-0243 [RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA RELACIÓN 23]  
(4ES7YZSFAEQTKFZ597724P4YL)
  244. DECRETO 2017-0244 [RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA RELACIÓN 21]  
(76H3YNY5TCJFJ5M5DQACDLRP2)
  245. DECRETO 2017-0245 [RESOLUCIÓN NOMEAMENTO TESOUREIRA ACCIDENTAL]  
(AYENC4L9FEYP4DDHZFR3JYH6T)



246. DECRETO 2017-0246 [Resolución horas extras José Pereira da Silva] (3YJQ5YF5X3GK4JS7N4SES73FY)
247. DECRETO 2017-0247 [RESOLUCIÓN DE REQUIRIMENTO] (S6K927A9FESCPPQW4X2R3K993)
248. DECRETO 2017-0248 [RESOLUCIÓN DE EXPOSICIÓN PÚBLICA O CRUCEIRO] (6HDZSLC5CZEZH2CXYC5Q22Z6E)
249. DECRETO 2017-0249 [Resolución definitiva control horario] (37GDXXFSDDL5TX9CDDC7JATQ)
250. DECRETO 2017-0250 [Resolución Recurso de Apelación] (7C57JXX6D3NWX3PRNPWA4W6G)
251. DECRETO 2017-0251 [Resolución alcaldía] (53TW6PFH73D9J2JZF64TL6WCN)
252. DECRETO 2017-0252 [Decreto da convocatoria] (4GHYTXZRG6AZZ2P49AZPJLW6Z)
253. DECRETO 2017-0253 [RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA RELACIÓN 24] (55A7CRFNPPWFHTT7MW3AEP2KD)

**O Pleno da Corporación Municipal queda informado.**

**b. Dar conta do Decreto de Alcaldía: Modificación de delegacións xenéricas e especiais das áreas de goberno.**

*Pola Presidencia dáse conta da modificación de delegacións xenéricas e especiais de áreas de Goberno, aprobada no Decreto de Alcaldía 138/2017 de data 31.01.2017 que literalmente di;*

**DECRETO DE ALCALDÍA**

**ASUNTO: MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN XENÉRICAS E ESPECIAIS DAS ÁREAS DE GOBERNO.**

*Visto o Decreto de Alcaldía de data 15 de xullo de 2015, relativo a delegacións xenéricas e especiais de áreas de Goberno Local.*

*Vistos os Decretos de Alcaldía de datas: 3 de setembro de 2015, 11 de setembro de 2015, 16 de setembro de 2015, 13 de xaneiro de 2016, de 5 de febreiro de 2016, de 13 de maio de 2016, de 10 de xuño de 2016, de 3 de agosto de 2016 e de 19 de xaneiro de 2017, que modifican o anterior.*

*Vista a renuncia presentada polo concelleiro Juan Antonio González Rodríguez, da que se tomou razón no Pleno de data 26.01.2017, Pleno no que tomou posesión, no seu lugar, como concelleiro, José Manuel Chamorro González.*

*No uso das competencias que me confire o artigo 43 e seguintes do Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais (ROF) e no exercicio das atribucións recoñecidas polos*



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

artigos 21.1.a) da Lei 7/85, de 02 de abril, reguladora das bases de réxime local e 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, pola presente,

**RESOLVO**

Primeiro.- Efectuar a seguinte delegación especial dos seguintes servizos:

| SERVIZO                         | CONCELLEIRO/A RESPONSABLE     |
|---------------------------------|-------------------------------|
| Vías e Obras e Alumeado Público | José Manuel Chamorro González |

Coas seguintes condicións específicas no exercicio da citada delegación:

- A responsabilidade conferida comprenderá a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes pero non poderá incluír en ningún caso a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Segundo.- Notificar o presente Decreto ao interesado para o seu coñecemento e efectos. Do presente Decreto darase coñecemento ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre e publicarase no Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte do presente Decreto, de conformidade co disposto no artigo 44 do ROF.

O Pleno da Corporación municipal toma coñecemento da Modificación de delegacións xenéricas e especiais das áreas de goberno.

- c. **Dar conta do Decreto de Alcaldía: Modificación composición das CCII (Comisiones Informativas).**

Pola Presidencia dáse conta da modificación da composición das CCII (Comisiones Informativas), aprobada no Decreto de Alcaldía 120/2017 de data 30.01.2017 que literalmente di;

**DECRETO DE ALCALDÍA**

**ASUNTO: MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DAS CCII (COMISIONES INFORMATIVAS).**

En data 08.10.2015 déuse conta ao Pleno da Corporación Municipal da constitución das Comisións informativas permanentes creadas por acordo plenario de 17.07.2016nes.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

*En data 04.08.2016, modificouse a composición destas Comisións como consecuencia do cese como concelleiro de D. Alberto Covelo Casal e toma de posesión como tal de D. Xosé Antón Araújo Rodríguez.*

*En data 26.01.2017 tomou posesión como novo concelleiro en sesión plenaria, D. José Manuel Chamorro González, logo do cese de D. Juan Antonio González Rodríguez.*

*Visto o anterior, procédese a modificar novamente a composición destas Comisións informativas permanentes do xeito que a continuación se detalla:*

**- COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS DO PLENO E SEGUEMENTO  
ÓRGANOS DE GOBERNO DO CONCELLO:**

**MEMBROS:**

- PRESIDENTE: D. Francisco Ferreira González

**GRUPO MUNICIPAL DO PSDG-PSOE**

- TITULARES: D. José Manuel Chamorro González(1º)  
Dna. Nuria Lameiro Valverde (2º)
- SUPLENTE: Dna. Iria Lamas Salgueiro(1ª)

**GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**

- TITULARES: D. Fernando Guitián Guitián (1º)  
D. Jesús Salgueiro Pérez (2º)
- SUPLENTE: Dna. Natalia Sofía Salgueiro Hermida(1ª)  
Dna. Patricia Durán Pérez (2ª)

**GRUPO MUNICIPAL MANIFESTO MIÑOR**

- TITULARES: D. Antonio Araújo Quintas
- SUPLENTE: D. Xosé Antón Araújo Rodríguez (1º)  
Dna. Rocío Cambra Castro (2ª)

**GRUPO MUNICIPAL CONCELLO ABERTO**

- TITULARES: D. Pauliño del Río Iglesias
- SUPLENTE: D. Josué Villar Ballesteros (1º)  
Dna. Jimena Varela Rodríguez (2ª)

**GRUPO MUNICIPAL INICIATIVA POR GONDOMAR**

- TITULARES: D. Manuel Gómez González
- SUPLENTE: Dna. Beatriz Fernández Alonso

**- COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ECONOMÍA, FACENDA E  
ESPECIAL DE CONTAS:**

**MEMBROS:**



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

- PRESIDENTE: D. Francisco Ferreira González
- GRUPO MUNICIPAL DO PSDG-PSOE
- TITULARES: D. José Manuel Chamorro González(1º)  
Dna. Nuria Lameiro Valverde (2º)
- SUPLENTE: Dna. Iria Lamas Salgueiro(1ª)
- GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR
- TITULARES: Dna. Natalia Sofía Salgueiro Hermida (1ª)  
Dna. Patricia Durán Pérez (2ª)
- SUPLENTE: D. Fernando Guitián Guitián (1º)  
D. Jesús Salgueiro Pérez (2º)
- GRUPO MUNICIPAL MANIFESTO MIÑOR
- TITULARES: D. Antonio Araújo Quintas
- SUPLENTE: D. José Antonio Araújo Rodríguez (1º)  
Dna. Rocío Cambra Castro (2ª)
- GRUPO MUNICIPAL CONCELLO ABERTO
- TITULARES: D. Pauliño del Río Iglesias
- SUPLENTE: Dna. Jimena Varela Rodríguez (2ª)  
D. Josué Villar Ballesteros (1º)
- GRUPO MUNICIPAL INICIATIVA POR GONDOMAR
- TITULARES: Dna. Beatriz Fernández Alonso
- SUPLENTE: D. Manuel Gómez González

**O Pleno da Corporación municipal toma coñecemento da Modificación da composición das CCII (Comisiones Informativas).**

**d. Dar conta do Decreto de Alcaldía: Modificación da composición da XGL.**

*Pola Presidencia dáse conta da modificación da composición da Xunta de Goberno Local aprobada no Decreto de Alcaldía 139/2017 de data 31.01.2017 que literalmente di;*

**DECRETO DE ALCALDÍA**



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
[Pontevedra]

**ASUNTO: MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

Visto o Decreto de Alcaldía de data 15.07.2015 polo que se nomean aos membros da Xunta de Goberno Local e se delegan atribucións en base ao previsto no artigo 21.1 neste órgano, e os seguintes que o modifican: Decreto de 21 de xaneiro de 2016, Decreto de 5 de febreiro de 2016, Decreto de 16 de marzo de 2016, Decreto de 15 de xullo de 2016 e Decreto de 19 de xaneiro de 2017.

Vista a renuncia presentada polo concelleiro Juan Antonio González Rodríguez, da que se tomou razón no Pleno de data 26.01.2017, Pleno no que tomou posesión, no seu lugar, como concelleiro, José Manuel Chamorro González.

No uso das competencias que me confire o artigo 23 da Lei reguladora das bases do réxime local (LBRL), capítulo III do Regulamento orgánico municipal (B.O.P. n.º 8 de das corporacións locais aprobado polo RD 2568/1986 de 28 de novembro (ROF) e concordantes da Lei 5/97 de administración local de Galicia, pola presente

**RESOLVO:**

13/01/2000), 52 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico

Primeiro.- Cesar como membro da Xunta de goberno Local do Concello a Juan Antonio González Rodríguez.

Segundo.- Nomear como membro da Xunta de goberno Local do concello a José Manuel Chamorro González.

Terceiro.- Do presente Decreto darase coñecemento ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre e publicarase no Boletín Oficial da Provincia sen prexulzo da súa efectividade ao día seguinte da presente resolución, de conformidade co disposto no número 1 do artigo 23 da LBRL..

O Pleno da Corporación municipal toma coñecemento da Modificación da composición da Xunta de Goberno Local.

- e. Información a remitir ao Pleno da Corporación de marzo por parte do Departamento de Intervención.



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

*Pola Presidencia dáse conta do informe periódico de data 27.02.2017 do Departamento de Intervención ao Pleno da Corporación que consta de:*

*1. Oficio de remisión da Intervención Xeral á Alcaldía-Presidencia.*

*2. Contido:*

*A. Informe-Resumo das Resolucións de Alcaldía adoptadas contrarias aos reparos efectuados.*

*B. Execución do orzamento de gastos no exercicio corrente.*

*C. Execución do orzamento de ingresos no exercicio corrente.*

*D. Movementos e situación da Tesourería.*

**O Pleno da Corporación Municipal queda informado.**

**f. Liquidación Orzamento exercicio 2016.**

*Pola Presidencia dáse conta da Aprobación da Liquidación do Orzamento do Concello de Gondomar correspondente ao exercicio 2016. Expediente 361/2017. Decreto de Alcaldía 214/2017 de data 18.02.2017.*

**DECRETO DE ALCALDÍA**

*Visto o expediente de Liquidación do Orzamento do Concello de Gondomar do exercicio 2016, formulado pola Intervención Xeral, en cumprimento do disposto no artigo 191.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e no artigo 90 do Decreto 500/1990, de 20 de abril.*

*Visto que con data 17 de febreiro de 2017 foi emitido informe de Intervención, de conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais*

*Visto que con data 17 de febreiro de 2017 foi emitido informe de Intervención relativo ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda,*

*De conformidade co artigo 191.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, sobre materia orzamentaria.*

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.** *Aprobar a Liquidación do Orzamento Xeral de 2016, da que se deduce:*



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontavedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

A) RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO 2016

| Concepto  | DR Netos            | OR netas            | Axustes           | Resultado orzamentario |
|---|---------------------|---------------------|-------------------|------------------------|
| a) Operacións correntes   | 7.074.990,72        | 6.517.172,15        |                   |                        |
| b) Outras operacións non financeiras  | 429.455,32          | 511.486,84          |                   |                        |
| 1. Total operacións non financeiras (a+b)                                   | 7.504.446,04        | 7.028.658,99        |                   |                        |
| 2. Activos financeiros  | 34.951,91           | 28.700,00           |                   |                        |
| 3. Pasivos financeiros  | 0,00                | 160.202,74          |                   |                        |
| <b>RESULTADO ORZAMENTARIO DO</b>  | <b>7.539.397,95</b> | <b>7.217.561,73</b> |                   | <b>321.836,22</b>      |
| <b>AXUSTES:</b>   |                     |                     |                   |                        |
| 4. Créditos gastados financiados remanente de tesourería para gastos xerais |                     |                     | 0,00              |                        |
| 5. Desviación de financiamento negativas do exercicio                       |                     |                     | 298.582,98        |                        |
| 6. Desviación de financiamento positivas do exercicio                       |                     |                     | 274.602,62        |                        |
| <b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO</b>                                      |                     |                     | <b>345.816,58</b> |                        |

B) DETERMINACION DO REMANENTE DE TESOURERIA A 31/12/16

|          |            |  |                     |
|----------|------------|--|---------------------|
| <b>1</b> | <b>(+)</b> | <b>FONDOS LÍQUIDOS EN TESOURARÍA A FIN DE EXERC.</b> | <b>1.966.168,43</b> |
|----------|------------|--|---------------------|





CONCELLO  
DE  
GONDOMAR  
(Pontevedra)

|             |            |  |              |                     |
|-------------|------------|--|--------------|---------------------|
| <b>2</b>    | <b>(+)</b> | <b>DEBEDORES PTES. COBRO A FIN EXERCICIO</b>                 |              | <b>1.681.055,96</b> |
|             |            | (+) De ppto. de ingresos. Ppto. corrente                     | 151.322,54   |                     |
|             |            | (+) De ppto. de Ingresos. Pptos. pechados.                   | 1.399.098,39 |                     |
|             |            | (+) De Operacións non orzamentarias                          | 130.635,03   |                     |
|             |            | (-) Cobros realizados ptes. aplic. definitiva                | 0,00         |                     |
| <b>3</b>    | <b>(-)</b> | <b>OBRIGAS PTES. PAGO FIN A EXERCICIO</b>                    |              | <b>664.584,81</b>   |
|             |            | (+) De ppto. de Gastos. Ppto. corrente                       | 330,00       |                     |
|             |            | (+) De ppto. de Gastos. Pptos. pechados.                     | 129.672,57   |                     |
|             |            | (+) Doutras operacións no Orzamentarias                      | 98.517,96    |                     |
|             |            | (-) Pagos realizados ptes. aplic. definitiva                 | 0,00         |                     |
| <b>I.</b>   |            | <b>REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1+2-3)</b>                 |              | <b>3.419.633,86</b> |
| <b>II.</b>  |            | Saldos de dubidoso cobro                                     | 854.168,78   |                     |
| <b>III.</b> |            | Excesos de financiamento afectado                            | 6.132,31     |                     |
| <b>IV.</b>  |            | <b>REMANENTE DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS (I-II-III)</b> |              | <b>2.559.332,77</b> |

A) ESTABILIDADE ORZAMENTARIA A 31/12/16: Cúmrese o principio de estabilidade orzamentaria, ascendendo a capacidade de financiamento a cantidade de 835.537,79 euros.

B) REGRA DE GASTO A 31/12/16: Cúmrese o obxectivo da regra de gasto, ascendendo o cumprimento á cantidade de 591.948,81 euros.

C) DEBEDA PÚBLICA A 31/12/16: Cúmrese o obxectivo do límite de débeda, ascendendo o ratio de débeda ao 2,97%.

**SEGUNDO.** Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que éste celebre, de acordo co que establecen os artigos 193.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

**TERCEIRO.** Ordenar a remisión de copia de dita Liquidación aos órganos competentes, tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma.

O Pleno da Corporación Municipal queda informado.



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

#### 4. Mocións.

##### a. **Moción para instar á Xunta de Galicia a recuperar e utilizar o antigo hospital do Rebullón para servizos socio-sanitarios públicos.**

*O Sr. Alcalde solicita deixar esta moción enriba da mesa por ser presentada polo Grupo Municipal Manifesto Miñor estando ausentes na presente sesión do Pleno, os tres concelleiros que o representan, non tendo moita razón de ser porque tería que estar exposta e defendida por eles, salvo que alguén teña algo que dicir ao respecto, propón pois deixala enriba da mesa para que a defendan os propios concelleiros que a propuxeron.*

#### **ACORDO**

**O Pleno da Corporación municipal, acorda por unanimidade deixar enriba da mesa a Moción para instar á Xunta de Galicia a recuperar e utilizar o antigo hospital do Rebullón para servizos socio-sanitarios públicos.**

##### b. **Moción de apoio á folga xeral educativa do 9 de marzo.**

*Polo Concelleiro do Grupo Municipal CABE, D. Josué Villar Ballesteros, dáse lectura á Moción presentada con data 26.02.2017, que literalmente di:*

*Sr. Josué Villar: Boas tardes a todos e a todas, Sr. Alcalde, o primeiro, sigo lembrándolle o problema dos micros, aquí nesta banda, cando queremos falar temos que estar co típico problema, dito isto;*

**MOCIÓN: APOIO Á FOLGA XERAL EDUCATIVA DO 9 DE MARZO POLA REVERSIÓN DOS RECORTES, O INVESTIMENTO EN EDUCACIÓN PÚBLICA E A DERROGACIÓN DA LOMCE.**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O 9 de Marzo convócase unha folga xeral de educación co propósito de esixir ao Goberno a reversión dos recortes en educación, o incremento orzamentario destinado á educación pública, a derogación da LOMCE, un sistema de bolsas que garanta a igualdade de oportunidades, a eliminación das "contrarreformas" universitarias e das prácticas non remuneradas en Formación Profesional, e a baixada das taxas universitarias. Tamén para conseguir a recuperación dos cadros de persoal docente, a dignificación das condicións*



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

laborais do profesorado, o freo á privatización do sistema educativo, a baixada de cocientes de alumnado por aula, recuperar todas as medidas de inclusión e atención á diversidade e un acordo social por un pacto educativo onde a comunidade educativa sexa a protagonista principal.

Esta folga xeral educativa está apoiada polos sindicatos CCOO, UGT, CGT e STEG; os Movementos de Renovación Pedagóxica; a Confederación Española de Asociacións de Pais y Nais de Alumnos (Ceapa); o Sindicato de Estudiantes (SE); a Federación de Asociacións de Estudiantes Progresistas (Faest); Estudiantes en Movemento e a Fronte de Estudiantes.

Dende Gondomar Concello Aberto vimos denunciando o continuo menosprezo do Goberno coa escola pública. Os orzamentos en educación no conxunto das administracións reducíronse un 11% entre 2009 e 2016 (de 53.000 a 47.000 M). No PIB, o gasto total en educación descendeu en España dende 2009, pasando dun 5,07% do PIB nese ano a un 4,37% no 2014, por debaixo da media da UE (4,9%) e da OCDE (5,3%), e xa é un dos máis baixos de Europa. Para o ano 2017 está previsto ademais que esta porcentaxe quede fixada por debaixo do 4%.

Coas últimas políticas materializadas por sucesivos gobernos en materia educativa, estamos sufrindo un forte deterioro a todos os niveis, cada vez con menos profesorado e en peores condicións laborais, onde o material escolar converteuse nun luxo, as bolsas de transporte estanse recortando ata a súa desaparición e as familias endebédanse para poder pagar os estudos dos seus fillos e fillas.

Este proceso tamén se dá nas universidades públicas, onde nos dous últimos anos o prezo final da matrícula encareceuse un 66% de media. Chegamos a un punto no que o primeiro curso de la carreira máis económica custará 1620€, e repetindo materias, ata cinco veces máis.

Por outra banda, o alumnado de FP está afectado polo aumento das taxas: unha FP de grao superior custa 480€, e una de grado medio entre 120€ e 220€ de media.

Ademais, encontramos as novas taxas da PAU, o que supón unha barreira económica máis para acceder á educación superior.

Cada vez parece máis evidente que a crise é unha escusa máis para privatizar e desmantelar o sistema público educativo, pois mentres se rescatan bancos, recórtase en algo tan imprescindible como o dereito á educación. Por isto, esta folga tamén cuestiona as políticas antisociais que reforzan a segregación de clases, arrebatando ao pobo a súa maior fonte de acceso ao coñecemento, a educación.

Defendemos ante todo una Rede Escolar Pública Única, de titularidade e xestión pública, mediante a supresión progresiva dos concertos educativos, por ser o único garante do dereito universal á educación en condicións de igualdade e democracia. Reclamamos tamén financiamento suficiente para garantir a gratuidade do ensino público, dende a primeira infancia ata a universidade, incluíndo libros e servizo de comedor e transporte.

Por todo o anteriormente exposto, propoñemos ao Pleno do Concello de Gondomar a adopción dos seguintes,



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
[Pontevedra]

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

### **ACORDOS:**

- 1. Apoiar publicamente á xornada de Folga Xeral Educativa do 9 de Marzo convocada por todos os sectores da comunidade educativa, e a participar activamente nela.*
- 2. Concello de Gondomar trasladará por escrito ao Goberno Central do Estado e da Xunta de Galiza a esixencia de derogar a LOMCE, a reversión dos recortes, o incremento orzamentario e un sistema de bolsas que garanta a igualdade de oportunidades.*
- 3. Concello de Gondomar esixirá ao Goberno Central e da Xunta de Galiza a que impulsen un pacto educativo consensuado coa comunidade educativa.*
- 4. O Concello de Gondomar dará conta deste acordo a todos os Consellos Escolares do municipio e a todas as asociacións de estudantes, nais e pais, e sindicatos con presenza na localidade, e promoverá accións compartidas cos centros educativos do noso municipio para potenciar a folga do 9 de marzo.*
- 5. Dar traslado da presente Moción ao Goberno Central, ao Goberno da Xunta de Galiza e aos Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Senado.*

### **DELIBERACIÓN**

Sr. Alcalde: Grazas, Sr. Villar, ¿algunha intervención? Si, ¿Sra. Durán? Ten vostede a palabra.

Sra. Durán: Moi boas noites, grazas Alcalde, moi boas noites a toas e a todos. En relación con esta moción, este grupo está conforme con algúns dos acordos que se expoñen, especialmente no relativo ao punto 3, a que se impulse ese pacto educativo consensuado cremos que esa é precisamente a vía, a vía do consenso, a vía das negociacións, certo que habería que seguir aumentando, incrementando os orzamentos dedicados ao tema da educación, pero non imos a apoiar a xornada que está planeada para o 9 de marzo, polo tanto o noso voto irá en contra, grazas.

Sr. Alcalde: Grazas, Sra. Durán. ¿Non hai mais intervencións?.

Non producíndose ningunha intervención, o Sr. alcalde somete esta moción a votación ordinaria co seguinte resultado:

### **VOTACIÓN E ACORDO**



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 10 votos a favor: 4 do Grupo Municipal PSOE, 3 do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto e 3 do Grupo Municipal I.X.G.; 4 votos en contra do Grupo Municipal Partido Popular; e ningunha abstención, acorda aprobar a Moción relativa ao apoio á folga xeral educativa do 9 de marzo.**

**c. Moción en defensa do Sistema público de pensións.**

*Polo Concelleiro do Grupo Municipal CABE, D. Josué Villar Ballesteros, dáse lectura á Moción presentada con data 26.02.2017, que literalmente di:*

**MOCIÓN: DEFENSA DO SISTEMA PÚBLICO DE PENSIONS.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A Reforma Laboral de 2010 do Goberno de Zapatero que abaratóu e facilitou o despedimento para contentar a Bruxelas e a aínda mais virulenta reforma do Goberno de Rajoy do ano 2012 que trouxo como consecuencia altos niveis de paro, baixos salarios, precariedade laboral masiva e contratación abusiva, contribuíron decisivamente ao déficit da Seguridade Social: as cotizacións non cobren os gastos e o Goberno recorreu de maneira sistemática a baleirar o denominado Fondo de Reserva das Pensións.*

*A diminución dos ingresos por cotizacións é unha consecuencia lóxica da diminución de cotizacións polas altas taxas de desemprego, das maiores de Europa, e á baixa calidade dos que se crean. É obvio que a baixa calidade do emprego con salarios baixos produce baixas cotizacións. Outro factor que contribúe decisivamente a esta tendencia negativa é a alta taxa de temporalidade ligada principalmente ao sector servizos e a outros sectores como a agricultura que non se escapan a este tipo de contratación.*

*Á baixada de ingresos na Seguridade Social tamén contribuíron algunhas medidas do goberno en forma de "vantaxes" ao empresariado e aos emprendedores: bonificacións, tarifas planas, etc. Medidas que se venden politicamente como axudas á contratación e que tamén saen do "peto das pensións". Unhas medidas que se tomaban paradoxalmente á vez que se aprobaba unilateralmente a Lei 23/2013 Reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización das Pensións, acordando que as pensións podían subir menos que o IPC anual e facendo saltar polo aire o propio Pacto de Toledo.*

*O Fondo de Reserva das Pensións superaba os 66.000 millóns de euros en 2011 como consecuencia do superávit da Seguridade Social. Tratábase de asegurar unhas pensións dignas actualizadas con arranxo ao IPC anual e por outra banda de garantir uns Servizos Sociais de calidade, asegurando un Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia pública e de calidade.*



*Agora mesmo a realidade é que das 9.417.724 pensións, o 50% está por baixo do Salario Mínimo Interprofesional e o 70 % está por baixo dos 1.000 euros.*

*En 2.015 o déficit da Seguridade Social por cotizacións alcanzaba os 16.707 millóns de euros e o Fondo de Reserva das Pensións baixou dos 66.815 millóns en 2011 aos 15.915 millóns no 2016. Isto pon claramente en risco a calidade e o futuro mesmo destas prestacións. Unha estratexia que conecta coa visión neoliberal das pensións como unhas prestacións que deben asegurarse os traballadores e traballadoras acudindo ás entidades privadas (bancos e aseguradoras) que ven niso un xigantesco negocio de futuro.*

*A solución pasa obviamente por corrixir esta situación aumentando os ingresos do sistema público de pensións, establecendo novas fontes de financiamento e impedindo que o Goberno poida dispor arbitrariamente de cantidades do Fondo. Tamén, derogando unha reforma laboral que trae como consecuencia precariedade, desemprego e baixos salarios, é dicir, unha baixada de ingresos por cotización.*

*Só coa creación de emprego estable, de calidade e con salarios dignos, e abandonando o mantra de que o desenvolvemento e a saída da crise tense que basear en salarios de miseria, será posible reconducir esta perigosa tendencia que pon en perigo o presente e o futuro das pensións.*

*Demostrouse nos últimos anos que a recuperación económica non é posible cunha maioría social empobrecida e con baixos salarios que non consome, xa que isto só agrava a situación e produce directamente máis desemprego e peche de empresas nun bucle dramático. Algo que comeza a recoñecer incluso o BCE.*

*Por todo iso o Grupo Municipal de GONDOMAR CONCELLO ABERTO presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes, **ACORDOS**:*

- 1. O Pleno Municipal de GONDOMAR insta o Parlamento e ao Goberno do Estado á derogación das dúas Reformas Laborais, as de 2010 e 2012, debido a que as súas consecuencias nefastas para a calidade do emprego pon en risco a sustentabilidade e o futuro das pensións.*
- 2. O Pleno Municipal de Gondomar solicita ao Goberno do Estado a derogación da Reforma das Pensións aprobada pola Lei 23/2013 Reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización das Pensións, co fin de seguir garantindo unha pensión digna que suba anualmente o mesmo que o IPC.*
- 3. O Pleno Municipal de Gondomar insta o Goberno do Estado a establecer por lei que as pensións non poidan estar, en ningún caso, por baixo do Salario Mínimo Interprofesional. Propomos a revalorización da pensión mínima nos seguintes termos: a pensión de xubilación persoal ou con cónxuxe non a cargo será equivalente ao SMI anual, a pensión de xubilación con cónxuxe a cargo será equivalente ao 110% do SMI anual.*



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
[Pontevedra]

4. *O Pleno Municipal de Gondomar insta o Goberno do Estado a que se prohiba por lei a libre disposición do Fondo de Reserva das Pensións para situacións de déficit de cotizacións e a buscar vías de financiamento directas desde os Orzamentos Xerais do Estado mentres se siga producindo o déficit por cotizacións.*
5. *Dar traslado desta Moción ao Goberno do Estado e aos Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Senado.*

**DELIBERACIÓN**

Sr. Alcalde: Grazas, Sr. Villar, ¿algunha intervención? ¿ningunha?.

Non producíndose ningunha intervención, o Sr. alcalde somete esta moción a votación ordinaria co seguinte resultado:

**VOTACIÓN E ACORDO**

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: **10 votos a favor: 4 do Grupo Municipal PSOE, 3 do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto e 3 do Grupo Municipal I.X.G.; 4 votos en contra do Grupo Municipal Partido Popular; e ningunha abstención, acorda aprobar a Moción relativa á defensa do Sistema público de pensións.**

**d. Moción rexeitamento ao acordo CETA e aos tratados TTIP e TISA.**

*Polo Concelleiro do Grupo Municipal CABE, D. Josué Villar Ballesteros, dáse lectura á Moción presentada con data 26.02.2017, que literalmente di:*

**MOCIÓN: REXEITAMENTO AO ACORDO CETA E AOS TRATADOS TTIP E TISA.**

*Sr. Josué Villar: Ben, sobre parte desta moción xa temos falado aquí, sobre o acordo de Libre Comercio o TTIP, xa trouxemos varias mocións, agora toca a quenda do CETA, o seguinte acordo de libre comercio que vai levar a cabo a Unión Europea. Paso a ler a*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**



*O pasado mes de outubro asinouse o CETA (Acordo Integral de Economía e Comercio), ratificado no mes de febreiro polo Parlamento Europeo. É un acordo entre a Unión Europea e Canadá, negociado con enorme secretismo.*

*O CETA disfrazase de acordo tarifario para eliminar aranceis, que xa son mínimos entre Canadá e os estados da UE. Con todo, o acordo vai moito máis lonxe e supón unha reconfiguración de todo un conxunto de normas de tipo social, xurídico, laboral e medioambiental que regulan a actividade empresarial. O verdadeiro obxectivo é facilitar o enriquecemento privado das empresas con sede na Unión Europea e en Canadá (onde hai 41.000 empresas estadounidenses rexistradas), e para isto modifícanse e rebaixan todos os tipos de regulación que, para mellorar a calidade de vida da maioría, pon límites á libre actuación da empresa. Deste xeito, ábreanse as portas á redución de dereitos laborais e estándares sanitarios, ou o aumento da capacidade de contaminar, entre outras cuestións que hoxe os estados regulan e que corren o risco de desaparecer. O CETA inclúe os chamados tribunais de arbitraje, nos que as multinacionais poderán denunciar aos estados por hipotéticas perdas económicas se estes aproban normas democráticas que afecten aos intereses das mesmas, o que supón toda unha chantaxe á democracia e a súa subordinación ao interese económico. Ademais inclúe a Cláusula Ratchet, presente noutros acordos da UE, que impide que servizos que foran privatizados poidan pasar novamente a estar baixo control público. Tras ser aprobado o 15 de febreiro de 2017 por parte do Parlamento Europeo con 408 votos a prol, 254 en contra e 33 abstencións, o CETA será aplicado de xeito provisional ata que o ratifiquen o conxunto dos parlamentos estatais da Unión Europea. É a primeira vez que as institucións europeas recorren a este tipo de aplicación provisional, o que chama a atención tralas dificultades para a súa sinatura por parte da representación belga.*

*O proceso de negociación realizouse deixando á marxe ao Parlamento europeo e á cidadanía entre os anos 2006 e 2014.*

*O Acordo, entre outras cuestións establece a creación dun Foro de Cooperación en Materia de Regulación. Este será un órgano que garantirá que o Goberno canadense e representantes das empresas teñan acceso aos textos lexislativos promovidos pola Comisión antes de que estes cheguen ao Parlamento Europeo ou trascendan á opinión pública, aumentando deste xeito a súa capacidade de influír neles para adaptalos aos seus intereses.*

*Especialmente preocupantes son os tribunais de arbitraje que constitúen un mecanismo que poden utilizar as empresas privadas cando consideren que se vulnerou a súa capacidade de obter maiores beneficios económicos, xa que establecen un sistema de xustiza paralelo para as grandes empresas e, sobre todo, a creación dun suposto dereito destas ao enriquecemento ilimitado.*

*O CETA supón un gran ataque aos dereitos medioambientais e laborais dos Estados membros, así como á xestión dos servizos públicos.*

*O tratado entrou automaticamente en vigor o 15 de febreiro de 2017. Legalmente, ten que ser ratificado por cada un dos Estados, salvo o Reino Unido e Malta, donde só ten que aprobalo o Goberno polo seu propio estatus constitucional. De acordo coa súa lexislación interna, cada Estado pode trasladalo a outras institucións, como parlamentos rexionais, ou celebrar referendos. Este proceso podería alongarse ata dous anos. Polo tanto, en realidade a aplicación provisional utilízase como un novo mecanismo de presión, xa que neste caso non ten base xurídica na lexislación o no acervo comunitario, que está deseñado para motivos de*





CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

*urxencia como os desastres humanitario. Revertir un tratado unha vez comeza a aplicarse é moito máis complexo e pode incluso ter un efecto disuasorio nos parlamentos máis proclives a opoñerse ao CETA. Ao final, a aplicación provisional supón unha merma democrática, pois a aplicación do acordo non está suxeita aos procedementos democráticos requiridos.*

*Por todo isto, o pleno da Corporación Municipal de Gondomar adopta os seguintes,*

**ACORDOS:**

- 1º.- *O Concello de Gondomar rexeita completamente o CETA (Acordo Integral de Economía e Comercio), así como o resto de tratados de libre comercio que a UE está a negociar agora mesmo como o TTIP (Tratado Transatlántico de Comercio e Inversiones) e o TISA (Acordo en Comercio de Servizos).*
- 2º.- *Instamos ao goberno do Estado Español a que a ratificación do CETA neste Estado sexa mediante un referendo no que participe toda a cidadanía, non só mediante un decreto do Goberno ou dunha votación no Congreso dos Diputados.*
- 3º.- *Dar traslado do seguinte Acordo ao goberno do Estado Español e aos distintos grupos parlamentarios das Cortes Xerais.*

**DELIBERACIÓN**

Sr. Alcalde: Moitas grazas, Sr. Villar, ¿algunha intervención sobre esta moción? ¿ningunha?.

Non producíndose ningunha intervención, o Sr. alcalde somete esta moción a votación ordinaria co seguinte resultado:

**VOTACIÓN E ACORDO**

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 10 votos a favor: 4 do Grupo Municipal PSOE, 3 do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto e 3 do Grupo Municipal I.X.G.; 4 votos en contra do Grupo Municipal Partido Popular; e ningunha abstención, acorda aprobar a Moción relativa ao rexeitamento ao acordo CETA e aos tratados TTIP e TISA.**

**e. Moción de apoio ao sector da estiba.**

*Polo Concelleiro do Grupo Municipal CABE, D. Josué Villar Ballesteros, dáse lectura á Moción presentada con data 26.02.2017, que literalmente di:*

**MOCIÓN: APOIO AO SECTOR DA ESTIBA.**



## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector da estiba, formado por máis de 6.000 traballadores e traballadoras, supón unha importante actividade económica.

En 2010 levouse a cabo a reforma da Lei de Réxime Económico e de Prestación de Servizos dos Portos de Interese Xeral do Estado cun amplo apoio parlamentario, pero que a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do pasado 11 de decembro de 2014 obriga a España a levar a cabo determinadas modificacións legais e convencionais, provocando así a incerteza nas empresas portuarias e nas/os traballadoras/es do sector. A favor da solución do conflito xerado, nos últimos tres anos realizáronse numerosos encontros entre o Ministerio de Fomento ou Portos do Estado, a patronal do sector (ANESCO) e os sindicatos maioritarios da estiba.

Sendo conscientes de que a normativa que regula a relación laboral, o Real Decreto 371/1987, de 13 de Marzo, polo que se aproba o Regulamento para la execución do Real Decreto-Lei 2/1986, de 23 de Maio, da estiba e desestiba, debe de ser sometida a diversas modificacións, as mesmas non poden, precisamente, acometer recortes nos dereitos laborais acadados pola traxectoria reivindicativa do sector. As reformas teñen que abordar necesariamente un avance nos mesmos, garantindo o principio de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego, sen discriminación de ningún tipo de acordo co artigo 14 da Constitución.

O pasado día 24 de febreiro, o Consello de Ministros aprobou o Real Decreto Lei que liberaliza o sector da estiba, que queda agora en mans do Congreso dos/as deputados/as para convalidación ou derogación do mesmo.

Polo exposto, a Corporación Municipal de Gondomar adopta os seguintes,

## ACORDOS

1.-Reafirmar o respaldo ao sector da estiba e instar ao Ministerio de Fomento, ás empresas e aos traballadores a que negocien as medidas que permitan superar a incertidume xerada dende a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en 2014.

2.- Instar ao Goberno do Estado español a que en caso de non saír adiante a aprobación definitiva no Congreso do Real Decreto Lei, negocie unha nova reforma co sector da estiba que respete todos os dereitos laborais acadado polo sector ao mesmo tempo que introduza garantías para o acceso ao emprego sen discriminación de ningún tipo, de acordo co artigo 14 da Constitución Española e de acordo aos principios de igualdade, mérito e capacidade.



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

3º.-*Apoiar públicamente as futuras mobilizacións e folgas convocadas polo sector da estiba.*

4º.- *Dar traslado do seguinte acordo ao Goberno do Estado e aos distintos grupos parlamentarios das Cortes Xerais.*

### DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde: Grazas, Sr. Villar, sobre esta moción o PSOE anuncia que se vai a abster, por descoñecemento exacto de en que estado se atopan as negociacións entre o Goberno Central, os Sindicatos e a Estiba, e ademais que se nos fai, se nos fai, se nos expón un tema do cal non temos datos a estas alturas, porque están evolucionando constantemente as negociacións e demais e con certa cautela imos a ser prudentes, non apoiar, nin convocar, nin folga, nin mobilizacións mentres estea en proceso de diálogo entre as partes, o Goberno Central, Sindicatos, Estibadores, polo tanto o noso voto vai a ser abstención, grazas, ¿algunha intervención mais? ¿ningunha? Si, Sr. Villar, ten vostede a palabra.

Sr. Villar: Si, non tiña pensado intervir pero a raíz da súa intervención gustárame aclarar dous puntos. En primeiro lugar, tivo desde o luns para preparar esta moción, igual que tódolos temas que se traen aos plenos, é responsabilidade de cada concelleiro e concelleira preparalos para min queda unha xustificación desa explicación, non ten xustificación, tendo en conta que tivo tres días para ler, polo menos a prensa e informarse un pouco de como está o tema e en segundo lugar, as negociacións, isto está votado, votouse o venres, agora falta a aprobación definitiva polo Congreso deste Real Decreto Lei por maioría simple, polo tanto o estado das negociacións agora pois de momento está un pouco parado.

Sr. Alcalde: Moi ben, grazas, nada, o dito, ten que respectar a posición de cada Grupo, nos consideramos que isto é unha cousa que non nos ocupa con tanta présa como para facer un posicionamento e ten que respectalo, polo tanto mantemos a intención de voto que anunciábamos antes, se non hai mais intervencións.....

Non producíndose ningunha intervención, o Sr. alcalde somete esta moción a votación ordinaria co seguinte resultado:

### VOTACIÓN E ACORDO

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 6 votos a favor: 3 do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto e 3 do Grupo Municipal I.X.G.; 8 abstencións: 4 do Grupo Municipal PSOE e 4 do Grupo Municipal Partido Popular; e ningún voto en contra, acorda aprobar a Moción relativa ao apoio ao sector da estiba.**

f. **Moción: Centro de Saúde.**



*Polo Voceiro do Grupo Municipal CABE, D. Pauliño del Río Iglesias, dáse lectura á Moción presentada con data 27.02.2017, que literalmente di:*

### **MOCIÓN: CENTRO DE SAÚDE DE GONDOMAR.**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O actual Centro de Saúde de Gondomar, presenta unha serie de carencias, algunhas graves, como son:*


- Ten uns dos ratios mais altos, tanto de Médicos de Familia como en Pediatría. Na actualidade o centro non recolle a poboación con tarxeta de Concello, así parte da poboación está a ser atendida no Centro de Saúde de Valmiñor.. Na actualidade a poboación de Gondomar, segundo o INE do 2016, ten unha poboación de 14.192 persoas, cunha poboación infantil menor de 15 anos de 2.064 persoas e de 12.128 adultos.*
- Presenta mala accesibilidade pola ausencia de aparcadoiros e dificultades de circulación rodada.*
- Se ben a estrutura non é antiga, tódolos espazos están en uso e non ten posibilidades de crecer.*
- O arquivo está repartido por diferentes dependencias.*

*Hai sete anos, o Consello da Xunta de 14 de outubro de 2010, aprobou a licitación do Centro de Saúde, entre outros, de Gondomar. Obra absolutamente necesaria para o noso concello, xa daquela.*

*O 10 de agosto de 2012 o DOG Núm. 153, publicou unha Resolución do 3 de agosto de 2012, da Dirección de Recursos Económicos, pola que se anuncia licitación, polo procedemento aberto, para a contratación da subministración enerxética prestacional e mantemento e conservación de edificios e instalacións de centros sanitarios, con inclusión de servizos de redacción de proxectos, dirección facultativa de obras e coordinación de seguridade e saúde (cofinanciado pola Unión Europea, a través do programa operativo Feder Galicia 2007-2013) (AB-SER3-12-005).*

*Na mesma se anuncia a licitación para a contratación conxunta da redacción de proxectos, dirección de obras, mantemento e subministro enerxético de 15 novos centros de saúde, así como da ampliación das urxencias e da zona cirúrxica do Hospital do Salnés.*

*Dos centros de saúde que se ían construír, atopábase o de Gondomar. Tres anos despois, o proxecto construtivo seguía sen realizarse, cando debería estar rematado e en funcionamento, como ocorreu co C.S. de Panxón.*



En agosto de 2015, a construción do novo Centro de Saúde de Gondomar paralizouse definitivamente, dado que a empresa adxudicataria e encargada de facer as obras, que era CORSAN-CORVIAM, quebrou.

O 27 de decembro de 2016, dezasete meses despois da paralización das obras, o Diario Oficial de Galiza, nº 246, publica unha Resolución do Servizo Galego de Saúde, de 20 de decembro, pola que se da publicidade a unha encomenda de xestión á Axencia Galega de Infraestruturas das actuacións para acometer a execución das obras de construción do Centro de Saúde de Gondomar.

En data 13 de febreiro de 2017, DOG nº 30 publica unha Resolución, a Axencia Galega de Infraestruturas, do 6 de febreiro de 2017, pola que se anuncia a licitación non suxeita a regulación harmonizada, documentalmente simplificada, polo procedemento aberto multicriterio, tramitación ordinaria e anticipada de gasto da obra, de clave PO/17/004.30 (E/001/2017). Obxecto do contrato: o Centro de Saúde de Gondomar. Orzamento base da licitación: 2.987.667, 35€.

Esta nova licitación anuncia unha inversión de 3 millóns que permitirá abrir o centro de saúde de Gondomar no 2018, reparamos no feito de que o Centro de Saúde de Panxón leva feito hai dous anos, cun montante á alza por 600.000 euros máis que no 2014 con un prazo de execución de 14 meses, aínda que as prestacións do servizo serán as mesmas: seis consultas de medicina xeneral e outras tantas de enfermería, un área de pediatría cunha consulta médica e outra de enfermería, así como unha consulta de matrona e unha sala de educación maternal.

No plan Funcional remitido no 2012, sobre o plan presentado pola Consellería de Sanidade no 2009, proxéctase un Centro de Saúde

- Mais pequeno, con redución da superficie total , sobre unha previsión de superficie construída de 1565 m<sup>2</sup> no proxecto do ano 2009, pásase a unha superficie de 1039 m<sup>2</sup>. En total redúcense 526 m<sup>2</sup>, o 33, 61% do total.
- Redución de espazos, 2 consultas de médico Xeneral , 1 consulta de pediatría, 2 de enfermería, 1 coordinador de enfermería, 1 sala polivalente
- Redúcese o incremento do persoal previsto en 2 médicos de medicina xeral, 1 Pediatra, 4 enfermeiras, 2 PSX, 1 Traballadora social.

Este recorte en persoal e prestacións mantense na nova licitación do Centro de saúde de Gondomar.

Por todo o anteriormente exposto e polo que solicito tras o seu debate, a aprobación polo Pleno desta Corporación Municipal do seguintes,

#### **ACORDOS:**

Primeiro.- Rexeitar a diminución do proxecto construtivo de 526 m<sup>2</sup> sobre o proxectado anteriormente, que cubría as insuficiencias estruturais e dotaba dos recursos de persoal



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

*sanitario e espazo para dar cobertura ás necesidades asistenciais da poboación de referencia no centro de Saúde e poda acoller crecementos futuros.*

*Segundo.- Reclamar da Xunta de Galicia e da Consellería de Sanidade, que se retire o actual proxecto, máis pequeno e con menos dotación, que non vai dar cobertura ás necesidades sanitarias actuais e futuras da poboación, xa que só se planifica un centro para 10.280 usuarios.*

*Terceiro.- Reclamar da Xunta de Galicia e da Consellería de Sanidade a execución do Centro de Saúde aprobado e consensuado cos profesionais e forzas sociais, proxectado e definido no 2009, e que recolla a toda a poboación de referencia de Gondomar.*

*Cuarto.- Rexeitamos as formas elixidas pola Xunta de Galicia para a construción de infraestruturas sanitarias de colaboración Público-Privada, por ser mais caras e que terá que ser abonadas a cargo do gasto corrente en detrimento da calidade asistencial.*

*Quinto.- Defender os intereses da cidadanía fronte as políticas de recorte e privatización, que benefician os intereses empresariais da construtora. Exisimos a construción polo modelo clásico, o Sergas planifica, dirixe e abona a obra, dado que é a única forma de que estea a beneficio dos intereses sanitarios da poboación de referencia e non aos intereses do beneficio empresarial.*

## **DELIBERACIÓN**

Sr. Alcalde: Grazas, Sr. Pauliño, ben, nos o PSOE, en este sentido compartimos con vostede nun 99%, ao mellor, o que aquí di de que o centro de saúde nun principio estaba construído dunha determinada forma e agora é 500 m<sup>2</sup> mais pequeno, que ao mellor o sistema público-privado, contratación, etc, non é o mais axeitado, etc, eta, pero desde a, e eu créoo e dígo desde a responsabilidade, cremos que despois das xestións que levamos feito, deste Goberno e dos anteriores gobernos, coa Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, para que Gondomar dispuxese dun centro de saúde novo, e non o que xa temos que se nos fai moi pequeno, despois de tódalas conversacións mantidas, eu persoalmente como Alcalde, co Conselleiro de Sanidade, que teño que dicir que sempre foron excelentes, respectuosas, atentas, de calquera novidade chamábame por teléfono, mantenme informado, como cando saíu, antes de saír e non é que lle estea a facer a Pamplona a Almuíña, simplemente é a verdade, que tamén é certo que cando foi a presentación de tódolos centros médicos de saúde de Galicia, que se fan a facer dentro do que é o Pacto Local, que remataba o 2016, todos se construíron menos o de Gondomar, porque en Gondomar a empresa, dou en quebra a construtora e non se puido facer, iso é unha das cousas, que hai que ter moito coidado coas baixas temerarias á hora de contratar, dígovolo porque despois pasa o que pasa e nos imos a ter contratacións previas pero con todo, a responsabilidade do Conselleiro, naquela xuntanza de Alcaldes aberta en Santiago, foi manter o compromiso firme de co centro de saúde en Gondomar íase a manter e que á marxe de co Pacto Local remataba no 2016, Gondomar ía a




CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

ter o centro de saúde, isto así, parecía mais ca outra cousa, a típica conversación política, o discurso político que non ía a chegar e eu tiña as miñas dúbidas, obviamente, pero cando recibimos esta noticia de que ao final o centro de saúde de Gondomar vaise a facer, e que ademais vaise a facer mesmo atendendo a certas peticións que nos lle faciamos, que as recollen, que eran entre outras, ampliar en 600.000 euros a partida da parte de atrás do centro médico, entre o río e o centro médico, que non quedase unha zona escura, porque eu entendía e eles entendían tamén que xusto cando estás nas consultas, a parte mais bonita é poder mirar para a zona verde e a zona do río, de maneira que fixeron unha especie de praza, coa que recuperan esa zona da Ponte das Ánimas e tal, a min pareceume un acerto incluír iso no proxecto e si que é certo que merecíamos posiblemente un centro de saúde mais grande, mais consultas e tal, pero eu digo unha cousa e nos ímonos a abster nesta moción por unha razón, porque non lle vou a pedir á Xunta de Galicia, nin que se poña a facer modificacións do proxecto, nin que revise o proxecto, nin que se poña a enredar, non vaia selo conto de que ao final quedemos sen outros tres millóns de euros en Gondomar, e ao final, cando eu marche de aquí acabarei debéndolle dez, non sei a quen, entón tiro diso, non quero mais problemas de fondos europeos, de rexeitar investimentos da Xunta, de xogar con millóns de euros como se aquí caesen do ceo. Eu agardo que no 2018, como temos o compromiso de quen ademais pode dalo, que é a contratación dos catorce meses para abrir o centro de saúde, a min trasládase que en tres meses poden iniciarse as obras, están coa licitación, e que en catorce meses se faría e posiblemente, case seguro a mediados do 2018, Gondomar terá un centro médico, e eu con iso doume por satisfeito, vanme perdoar, ao mellor son un pouco ambicioso pero quero que o centro de saúde en Gondomar se faga e non quero mais liortas coa Xunta, nin mais débedas millonarias. Entón parécenos unha irresponsabilidade aprobar esta moción, non vaia a selo conto que a mandemos alá e se poñan a revisar e a modificar e ao final perdamos os fondos europeos, perdamos o centro de saúde, como se isto fose unha cousa de andar por casa. Respecto á accesibilidade, ao aparcadoiro, ás dificultades de circulación e todo iso, eu creo que lle corresponde mais ao concello na planificación urbanística, moitas veces obedecer e cubrir esas necesidades, as alternativas, o aparcadoiro e tal que a Xunta de Galicia. Alí era onde tiñamos que estar todos, uns mais que outros, traballando no Plan Xeral, unha vez aprobado inicialmente, sen mais dilacións e sen mais historias, nos coma o outro ¿non?, que quede a cousa como está, eu espero que o centro de saúde sexa unha realidade e podamos miralo aí para o ano que ven, aínda que teñamos un par de consultas médicas menos e demáis, pero o PSOE non vai a xogar con tres millóns de euros polo tanto imos a abstermos, sendo xenerosos ademais coa responsabilidade que nos toca, moitas grazas.

¿Intervencións, por favor? ¿ninguén? Sr. Gómez, ten vostede a palabra.

Sr. Gómez: Imos a ver, boas noites a todos e a todas, eu creo que ninguén quere perder os tres millóns de euros nin se trata diso, nos por suposto que non, pero eu penso que debemos de insistir e se se pode conseguir co centro de saúde teña as dimensións que tiña nun principio ou mais das que ten, porque levamos un montón de anos co que temos e isto, nos igual xa non vemos facer outro, eu penso que deben de esgotarse tódalas posibilidades, e insistir e pedir para que se poida facer un centro de saúde, non dicir, bueno que aínda que teña dúas consultas menos, penso que debemos de insistir para conseguir o máximo, o máximo para Gondomar e un centro de saúde como se merece o Concello de Gondomar e merecen os veciños de Gondomar, polo cal nos si que imos a aprobar, imos a votar a prol desta moción, eu penso que, para nada, que por aprobar esta moción e por pedir, non se vai a perder o investimento, iso está concedido e está en marcha para facer o centro de saúde, eu penso que non hai ningún risco, ao mellor non se consegue nada con isto pero debemos de insistir todo o que sexa como di o outro, e o refrán, "o que non chora, non mama" e hai que pedir e insistir, nos por suposto, imos a votar a prol desta moción, nada mais, moitas grazas.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

C O N C E L L O  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Sr. Alcalde: Moi ben Sr. Gómez, ¿algunha intervención mais? Sr. Pauliño, se ninguén pide a palabra, ten vostede a palabra para pechar.

Sr. Pauliño: Grazas Sr. Alcalde, nos pensamos que non enredamos, nin que vaíamos a perder mais fondos nin menos fondos europeos, ao mellor habería que saber que se estes fondos de FEDER, que como dixemos na exposición de motivos, tiña un calendario que era o 2017, 2016, se xa están perdidos, en todo caso, supoño que non será imputable aos veciños e veciñas de Gondomar que a obra non se executase en tempo e forma, como vostede di, que o único dos quince centros que estaban proxectados, non se fixese unicamente o de Gondomar. O espazo de tempo que transcorreu entre que se paraliza o novo centro de saúde e a nova licitación, pois indica un pouco ás claras cá é a forma de proceder da administración autonómica e vostede di que trasladou que se ampliase en 600.000 euros a dotación para a construción e aparte que todo ou en parte pois é unha idea súa, así o entendemos nos desde aquí, que está proxectada a praza cara ao río que se vai a facer, parécenos unha opción, nos case priorizabamos que en vez de proxectar xardíns e vistas ao río pois fixéramos asistencia sanitaria, é un problema de opción, como en todo, cada vez que un ten que tomar unha decisión ou outra, pois ten que optar, nos optamos para que os médicos, que van a pasar de cinco a seis e que no proxecto do 2009, eran oito, pois que se mantivesen os oito, ou ao mellor cas enfermeiras que na aquela altura eran seis e que na previsión do 2012 van seguir sendo dez, que no proxecto do 2009 mirábase a necesidade de dez enfermeiras, que se mantivese a cociente de enfermeiras ou co persoal auxiliar, que na actualidade son dous e van a seguir dous e que no proxecto consensuado co sector fan a ser catro, se aumentaran, é dicir, eu supoño que todos coincidiremos en que un centro de saúde ou unha infraestrutura deste tamaño non se fai tódolos días e polo tanto sería interesante e conveniente ter unha mínima visión de futuro e se poñemos enriba da mesa que este centro está proxectado para unha poboación de dez mil habitantes e agora temos catorce, é dicir, case un terzo mais e moitos dos cocientes dos médicos, pediatras e enfermeiras mantéñense, cando aumentou nun 33% as necesidades da poboación, é evidente que vai a haber carencias e polo tanto imos a iniciar a construción dunha nova infraestrutura que no seu nacemento vai quedar caduca, non nos parece polo tanto mala idea, lembrarlle á administración competente que coide o seu investimento porque ninguén fai algo novo para quedar como estaba e polo tanto se queremos que en Gondomar tódolos habitantes e agora teñan unha cabida e unha atención minimamente digna ¡eh!, pois evidentemente hai que aumentar os metros, hai que aumentar os cocientes, aumentando evidentemente os médicos, os pediatras, as enfermeiras, etc,etc, parécenos, non un problema de enredar ou un problema de non ser reflexivos, ao contrario, parécenos unha opción responsable e unha opción de futuro para o benestar dos nosos veciños e veciñas, home, esa é unha opción, a outra é optar para prazas e outro tipo de historias, nos preferimos optar pola saúde dos veciños e veciñas de Gondomar, grazas.

Sr. Alcalde: Moitas grazas, Sr. Pauliño, se non hai mais intervencións damos entón por debatida esta moción.

Non producíndose ningunha intervención, o Sr. alcalde somete esta moción a votación ordinaria co seguinte resultado:

### VOTACIÓN E ACORDO





CONCELLO  
DE  
GONDOMAR  
(Pontevedra)

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 6 votos a favor: 3 do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto e 3 do Grupo Municipal I.X.G.; 4 votos en contra do Grupo Municipal Partido Popular; e 4 abstencións do Grupo Municipal PSOE, acorda aprobar a Moción relativa ao Centro de Saúde.

g. Moción 8 de marzo.

Pola Concelleira do Grupo Municipal CABE, Dna. María Jimena Varela Rodríguez, dáse lectura á Moción presentada con data 27.02.2017, que literalmente di:

**MOCIÓN: 8 DE MARZO. DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Este 8 de marzo de 2017, conmemórase nun contexto histórico e político cheo de dificultades para a sociedade en xeral e para as mulleres en particular.

O contexto do que falamos está marcado polo ascenso da extrema dereita no mundo occidental como consecuencia das políticas reaccionarias levadas a cabo polos gobernos europeos, do repregamento da socialdemocracia a favor dos mercados e os envites que sofre a esquerda alí onde pretende ter influencia política.

Neste mundo globalizado dominado por grandes multinacionais e fortunas, por monopolios e mercados, significa para as mulleres a paralización de todas as políticas públicas que estaban encamiñadas a conseguir maiores cotas de igualdade, e aínda peor, o avance dunha cultura global que desdeña a igualdade como principio de convivencia.

Por iso hoxe máis que nunca debemos asentarnos nos piares do feminismo. Ese feminismo que persigue o respecto ás diferenzas e a igualdade real. Ese feminismo afastado da política revisionista e acomodada nas institucións. Ese feminismo que cambiou o mundo a través dunha revolución que modificou a práctica e o sentido da política, transformando os seus obxectivos en Universais.

O Concello de Gondomar, como representante do pobo, ten a responsabilidade de poñer os medios ao seu alcance para que a igualdade sexa unha realidade inaprazable baixo ningunha circunstancia.

Precisamente pola crise económica e ideolóxica que estamos a padecer, faise urxente e necesario cumprir o obxectivo do pleno emprego, onde as mulleres poidan aspirar sen



*discriminacións de ningún tipo, a traballos fixos e iguais en condicións e salarios; faise imprescindible implantar medidas que consoliden os avances e impidan a regresión dos alcanzados con plans de igualdade dotados economicamente e asistidos por persoal suficiente e adecuado aos seus obxectivos; é fundamental que as institucións públicas e os gobernos cheguen a acordos que leven aparellados os instrumentos e orzamentos necesarios para os fins que se persigan.*

*A igualdade real entre mulleres e homes necesita dunha educación, dunha saúde, dunha historia, dunha cultura, dunha economía... enfocadas con perspectiva de xénero. Isto só e alcanzable mediante a vontade decidida e tenaz dos gobernos e institucións públicas.*

*O 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, é o momento para que o Concello de Gondomar mostre a súa disconformidade coa desigualdade entre mulleres e homes, propiciando medidas reais, cualificables e cuantificables para que a igualdade das mulleres sexa un feito e non unha mera aspiración.*

*Por todo isto, propoñemos que o Concello de Gondomar declare:*

- 1. O seu compromiso na aplicación do principio de transversalidade en todas as súas políticas, disponiéndose para iso de todos os medios necesarios, entre os que se atopan o aumento do orzamento dedicado as políticas de igualdade e contra a violencia machista, comprometéndose a que, de forma progresiva, nos próximos catro anos, se alcance ao menos o 5%.*
- 2. O seu compromiso en alcanzar un acordo institucional para que a igualdade sexa un principio de actuación en todas as políticas públicas e un obxectivo irrenunciábel no seu desenvolvemento.*
- 3. O seu compromiso en contar coa participación das mulleres a través das súas organizacións e asociacións, para que as decisións que se adopten desde o ámbito institucional tengan o consenso das organizacións de mulleres e do movemento feminista, como interlocutoras cualificadas no conxunto das políticas públicas.*
- 4. O seu apoio ao Paro Internacional Feminista de emprego, coidados e consumo que se levará a cabo en máis de 40 países do mundo o vindeiro 8 de marzo. Para eso, as mulleres do Goberno de Gondomar, desde a responsabilidade que exercen máis institución como representantes públicas, temen a responsabilidade de ser as primeiras en denunciar as desigualdades diarias que nos enfrentamos as mulleres sí polo feito de selo, e secundarán esta convocatoria coa intención de visibilizar a importancia da igualdade na nosa sociedade. Deste xeito, sumaráanse ao Paro convocado de 12 a 12:30 e solicitarán que se lles detraiga a parte proporcional da nómina salarial, no caso de contar con dedicación.*

## **DELIBERACIÓN**



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Sr. Alcalde: Grazas, Sra. Varela, para que me aclare, a ver se é, non sei se é un, se está ben, do apartado catro pide o apoio ao paro internacional feminista, de emprego e tal e aquí, que secundarán esta convocatoria coa intención de visibilizar a importancia da igualdade o día 12, ás 12:30 h, de 12:00 a 12:30 perdón, e solicitaran que se lles detraiga a parte proporcional da nómina salarial, no caso...isto refírese a que ás concelleiras do Goberno, que teñen dedicación, ¿se lles detraiga esa parte da súa nómina?

Sra. Varela: Si, como no caso de facer unha folga, un paro.

Sr. Alcalde: Só para as concelleiras con dedicación, as concelleiras que teñen dedicación ou a tódalas concelleiras do Goberno, ou....

Sra. Varela: Pero é cas outras concelleiras ¿cómo se lles pode retirar media hora de traballo?

Sr. Alcalde: Vale, vale. Ben, a parte proporcional, por nos non hai ningún problema, nos temos unha concelleira que está disposta a iso e moito mais ou sexa que, por outro lado xa non o sei. Ben, vale era unha aclaración. ¿Intervencións sobre este punto? ¿ningunha?

Non producíndose ningunha intervención, o Sr. alcalde somete esta moción a votación ordinaria co seguinte resultado:

### **VOTACIÓN E ACORDO**

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar a Moción relativa ao 8 de marzo.**

## **5. Rogos e preguntas.**

### **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Alcalde: A ver se podo contestar a tódalas preguntas que me expoñan. ¿Sr. Guitián?

Sr. Guitián: Grazas, boas tardes a todas e a todos. Eu a primeira pregunta, gustaríame que ma contestara por escrito no Pleno seguinte. Quería saber ¿cómo está a concesión do servizo de auga? Se non me lembro mal, remataba no ano 2016. Se houbo unha prórroga do servizo, se non foi así e vaise licitar de novo esa concesión e se houbo prórroga, se se vai licitar, pois ter o coñecemento previo por parte de estes grupos, de todos estes grupos que formamos o Goberno, dos pregos, e se houbese unha prórroga, quereríamos saber ¿qué melloras sobre o contrato existente obtivo o Concello de Gondomar ou se houbo algunha suba no canon? E iso gustaríame co estudaran, co miraran detidamente e nos contestaran por escrito no próximo Pleno, non agora que igual aí moitos datos non os teñen.

Teño outra pregunta que xa lla preguntara no derradeiro Pleno, no anterior Pleno, que era polos cemiterios, tanto o de Víncios como o de San Cibrán, no de Víncios ese si pode contestarme agora se ten os datos, senón tamén lle emprazo para que mo conteste por escrito no Pleno seguinte, pero a verdade pasou un mes, se non me lembro mal, e gustaríame ter datos, en canto ao de Víncios lémbrolle co proxecto para a ampliación do cemiterio estaba en Patrimonio, non sei se xa resolveu Patrimonio favorablemente, desfavorablemente ou se puxo



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

algún tipo de condición para que se poda realizala obra e non sei se o Concello xa ten resposta a ese respecto e no de San Cibrán facíalle o ROGO de que unha vez rematadas as obras, aquí dixéronse, dixo despois que había unha serie de non conformidades co remate, pero creo que unha cousa non quita á outra e que se fixera canto antes o expediente para a concesión aos que o desexaran dos nichos que alí se fixeron, a xente, a verdade é que a min me están a demandar continuamente, porque a xente unha vez que mira aquilo, hai que poñerse na pel desas persoas ven aquilo rematado e din joel pois xa quero ter a miña concesión!, realmente non é unha propiedade, é unha concesión, aínda que unha concesión poda ser de 99 anos, pero iso precisamente sairá no expediente, e están a mirar alí os veciños e queren ter precisamente esa concesión, o que lle rogara eu, era que se iniciase ese expediente, quería saber se xa sé iniciou ou ¿cómo está?, grazas.

Sr. Alcalde: Grazas, Sr. Guitián. ¿Sra. Durán?

Sra. Durán: Grazas, imos ver, quería preguntarlles, igual empezo como pregunta e remato como rogo. Comentáballes fai dous plenos e preguntáballe ao Sr. Alcalde polas actas das Xuntas de Goberno Local, xa comprobei co último correo electrónico que recibimos, tanto eu coma o resto dos compañeiros do Grupo, é de xuño do ano 2016, desde ese momento non temos coñecemento das actas da Xunta de Goberno Local, entón quería saber se hai algún problema, e en todo caso, rógolles que nos fagan chegar aos nosos correos electrónicos esas actas. Non está presente o Sr. Araúxo, pero para el vai esta pregunta, preguntaba tamén cando fai uns meses polo número de licenzas que se solicitaron desde xuño do 2015 ata agora, solicitadas e cales estaban resoltas, e naquel momento dicíase que como entrara a sede electrónica, que se estaba implantando, que había dificultades, pero entendo que despois de tantos meses, e con premio incluído, pois supoño que xa será mais doado que nos faciliten eses datos desde o Departamento de Urbanismo e quería por último facerlle un ROGO, é que como entendo que hai orzamento novo na Deputación, pois que pida para que se remate dunha vez por todas esa beirarrúa desde Gondomar ata Morgadáns e que se asfalte esa estrada, que xa está que realmente dá pena, nada mais. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas, ¿Sr. Salgueiro?

Sr. Salgueiro: Grazas, o meu é un ROGO, aquí no Río Miñor, xa leva tempo caída unha árbore, xusto na ponte, como veña un enchente, vai a prexudicar bastante a saída de auga, pediría que fixeran as xestións pertinentes para retirar esa árbore, e despois tamén outro ROGO, en Morgadáns, en Baralla, mais ou menos, fai meses que se fixo un muro dun proxecto que deixamos nos, a verdade é que quedou un remate bastante malo, é dicir, a estrada é estreitiña e quedou unha zona bastante ampla, ancha, e hai un encontro alí bastante malo, eu pediría que se sinalizase ou se mirase a forma de que fora mais visible porque ten bastante perigo e despois unha PREGUNTA, quería saber se no Plan Concellos deste ano, hai algún proxecto xa decidido para as parroquias, cales serían os proxectos e as parroquias beneficiadas por este plan, grazas.

Sr. Alcalde: Grazas, ¿Sra. Salgueiro?, no. Contéstolle ao Grupo Popular, empezo polo Sr. Salgueiro. Dentro do que é o POS da Deputación, algúns proxectos si que se encargaron xa, nalgúns parroquias, non sei se se van meter no POS ou non, é dicir, se non se meten no POS, son proxectos que van quedar aí, para que calquera subvención que saia, ademais ter sempre aí, isto é unha cousa que ademais vostedes sempre facían ben, sempre tiñan proxectos na neveira para cando había unha subvención, que non da tempo nin a preparalos, pois moitas veces telos aí. Nos, non sei o que imos facer, non sei o que imos a facer, temos proxectos, hai que facelo reparto, hai que falar pero xa estamos porque o tempo se nos bota enriba e remata o 31 deste mes para presentalos na Deputación, si dirémoslle ademais, ademais xa lle digo a vostede se ten algo en mente e como concelleiro, como ex-concelleiro de obras que foi, se lle quedou algo atrás e hai algunha demanda pois que o faga, que o faga, vostede nolo fai saber e logo miraremos se se pode ou non.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

O do muro, o do muro de Baralla, pois a verdade é a primeira noticia que teño, está feito de acordo aos criterios que supoño, que estaban, pero miraremos a sinalización e todo iso.

O da árbore do río, é verdade que está....caeu, e xustamente demos, fixemos un informe policial, démoslle conta a Augas de Galiza, e imos a mirar se o podemos sacar nos, se o teñen que sacar eles, cada vez que tocamos aí, estamos en iso, un pouco a ver se nos din que o cortemos ou córtano eles, non hai ese só, hai algún mais que tamén.

Contestándolle á Sra. Durán, no tema de Morgadáns-Chaín, a estrada esa, créame que levamos feitas aí 20.000 xestións, por fin creo que a cousa vai ir collendo un bo cariz, porque ao principio non se ía nin a asfaltar porque non había proxecto, había un compromiso, estase co proxecto, estase coas beirarrúas e fixeron a limpeza toda de cunetas estes días, estivemos con eles, estamos aí e non entraría dentro do POS, isto da Deputación, é un compromiso que hai do anterior Goberno da Deputación, de asfaltar iso e de rematar esa actuación que está aí, polo tema duns veciños que non retranquean e demais, e estano levando eles, estamos tódolos días enriba diso e a verdade é que teño ganas de sacalo de encima, porque a verdade é unha obra fundamental que da servizo, o que temos falado moitas veces, ten toda a razón do mundo e eu cada vez menos escusas, tamén é verdade.

Sobre o número de licenzas, eu trasladareillo ao Concelleiro de Urbanismo, para que lle de conta.

Sobre o das actas, lembro que faláramos, ten toda a razón, o que pasa e que eu ordenei en Secretaría de que llas remitiran por correo electrónico en pdf e demais tódalas actas, xa para... e eu pensei que estaban todas, que estaban todas entregadas e demais e de todas formas tomará nota o Secretario para que lle cheguen as actas a tódolos concelleiros xa, por correo electrónico, imos pero de inmediato porque ademais están aí para ver.

E ao Sr. Guitián, si, contestarémolle por escrito a ese tema dos dous cemiterios e ao tema da concesión do servizo de auga, que xa lle adianto co contrato prorrogouse e temos que facer as valoracións á hora da compensación e todo iso, que niso estamos, pero trasladareillo por escrito e con mais detalle, mesmo coas melloras e todo porque xustamente non é unha escusa, quedáramos con Espina e Delfín a semana que ven para facer todas estas valoracións e..., ben, pasamos a outro Grupo. ¿Sr. Gómez? Si, ten vostede a palabra.

Sr. Gómez: Imos a ver, empezamos por un ROGO, mire na marquesiña esta que hai aquí, subindo para Víncios pasando a formigoneira, que collen alí o autobús alí moita xente de Chaín, hai alí unha luz pública que xa leva tempo sen funcionar, se poden cambiala, a parte os que collen o autobús á mañá a primeira hora é de noite e está moi escuro, a ver se se pode colocar aí unha lámpada que está ao lado da marquesiña mesmo que ilumina esa marquesiña, ese é o rogo que tiña. Despois quería preguntarlle....

Sr. Alcalde: Eu Sr. Gómez, se me perdoa, estes temas dunha luz fundida e demais, que non estamos moi pendentes diso, eu agradeceríalle que non agardasen, eu dígollo sinceramente un mes para dicilo, unha chamada o concelleiro, unha nota alí en Rexistro, porque moitas veces hai vinte mil lámpadas que non...

Sr. Gómez: Xa se dixo no anterior Pleno, e está sen....

Sr. Alcalde: ¿Si? pois é raro, é raro que todas, pásanse ao electricista e mira que non se cambian lámpadas, pero daremos nota ao concelleiro dese tema, eu penso que mañá esa lámpada tiña que estar posta, salvo que teña un problema. Vale, grazas

Sr. Gómez: Chamounos un veciño de alí e todo. Solicitan unha luz alí ao lado, ao mellor non o ten pago, ao mellor non me estou explicando, perfectamente, efectivamente, si, agora lembrome, piden que se coloque un pau cunha lámpada alí, e está sen iluminar lámpada,



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

perdón, expliquei mal o tema, ese é o rolo, que se lle coloque ao lado da marquesiña unha luz, pero hai que colocalo pau tamén. Despois falando de marquesiñas, que xa trouxemos unha moción aquí, fai tempo, a marquesiña de couso que xa falamos hai un plano ou dous, que estaba a cousa en marcha, saber como está ese tema, se está para poñer ou non, ¿en que situación ten iso?. Outro era alí en Donas, no barrio da Cruz, onde se fixo o muro aquel, naquela curva onde, que cedeu alí un veciño e fixo o Concello alí o muro aquel, hai un pau de telefónica, creo que é, xa preguntara varias veces, e que leva alí mais dun ano aquilo alí, saber como teñen as xestións de todo iso, e que é unha pena¿non? despois da obra que fixeron e que estea alí naquela situación, que segue o pau alí, saber que xestións hai e como segue o tema con telefónica, que creo que é de telefónica, si. Outra PREGUNTA mais teño, que xa levo feito, que se naquela..ou no anterior, o Cruceiro de Mañufe que estaba pendente de Patrimonio ou algo así, saber se avanzaron algo mais no tema e cándo se vai a repoñer. Despois, teño aquí outra, imos a ver, nada, está a facer moitas obras no Concello e todo iso, o acceso para xente discapacitada e con dificultade e todo iso, se fixeron algún estudo, había un concurso, algo así, saber se fixeron algo ou teñen o estudo, home, todo o que están a facer está moi ben, pero todo o mundo ten dereito a acceder ao Concello, e as persoas con discapacidade, con todo iso, non poden, non hai acceso para elas. Despois outra pregunta, o que pasa é que non está hoxe o concelleiro aquí, quería saber, porque a prensa despístanos, o outro día, o tema do mercadillo ao final, vai ser o sábado, vai ser o luns, vai ser outro día, se ma poden contestar, ao mellor non ma poden contestar, se ma poden contestar, saber como está a situación porque está, a veciñanza está descentrada con este tema, entre a prensa, e despois unha parte do Goberno dínos que é un día, outros din que outro día, se nos poden dicir algo de cómo está ese tema, e nada, de momento, nada mais, moitas grazas.

Sr. Alcalde: Grazas, o seu Grupo ¿ten algunha pregunta mais?,non, ben contéstolle ao da luz, non é unha reposición dunha lámpada, é poñer un pau e demais, tomou xa nota o concelleiro, mirámolo sen problema, estamos poñendo varias, constantemente.

O das marquesiñas, as marquesiñas que lle diga que xa están aí, é o que din todos, pero é verdade, esa marquesiña íase a poñer a primeira este sábado, e por un problema de última hora da provedora que se errou nos plafóns e demais, porque estamos facendo unhas marquesiñas totalmente novas para Gondomar, modelo Gondomar, entón para ben ou para mal, é unha aposta cunhas cores, unha determinada forma e demais, que ademais son mais baratas que as que aparecen nos catálogos, espero que lle gusten, e vaise a cambiar a da parada de taxis que era a que ían a poñer o sábado, que eu quería que estivese posta para o día do Entroido, xa que ía a haber vinte mil persoas, que se mirase a primeira marquesiña pero houbo un problema de loxística de última hora e din que esta semana que empezan coas marquesiñas, entón imos a ver se é verdade, eu teño tamén gana de vela marquesiña dos taxis posta e as marquesiñas.

O poste de telefónica, ten toda a razón do mundo, mandámoslle escritos, facemos, eu xa non sei o que facer co poste de telefónica, imos a ver o que se nos ocorre, todos sabemos o que temos que facer co poste pero ninguén pode facelo, pero é verdade que está aí a estorbar.

O cruceiro de Mañufe, estamos pendentes, aínda que non o crea vostede, do informe de Patrimonio, que andou traspapelado, íamos a empezar, temos o de Estradas, temos todos pero falta o informe de Patrimonio para, xa estivemos alí ademais co que o vai a construír, só falta que chegue ese papel para que ao día seguinte se poña o cruceiro, estamos ademais a concelleira chamando e faltanos iso só, Patrimonio, os demais están todos, Estradas tamén houbo que esperar porque houbo o problema ademais de que pasa a senda peonil, e xusto eles o que queren é desprazalo cruceiro para atrás, pero entón é favorable e témolo pero falta Patrimonio, chegará ao Concello, volveremos a chamar esta semana e nada mais ter ese informe, pois empezamos co cruceiro.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontavedra)

O do acceso á escaleira do Concello, sabe que estamos facendo certas obras e é certo que xa está o arquitecto facendo o proxecto, que e creo que o debe entregar estes días, porque vai ser unha obra que vai a entrar no POS da Deputación. Imos a ampliála escaleira cara adiante, varios chanzos para gañar arriba 1,50 metros, para que cumpra coa normativa de accesibilidade, e despois unha rampla e demais, está consensuado entre un arquitecto e o arquitecto municipal, o estudo e todo, estano planificando, mesmo cun ascensor interior no Concello, que iso non irá no POS, vaise facer o proxecto só, porque posiblemente teña mais complicación, pero a escaleira este ano ten que quedar lista porque vai ir na subvención da Deputación e imos a presentala xa, e de acordo ademais aos criterios urbanísticos de accesibilidade e todo o demais, o día 30 ten que estar na Deputación ese proxecto, polo tanto é cuestión de días, é o mesmo arquitecto que vai a arranxar a estrada da Costa, que vai no POS, o desrraigado e todo iso, onde vostede vive, vai a quedar aquilo oi ben.

Sobre o mercadillo, discrepancia ningunha, o que pasa que o mercadillo, estivemos a falar con varios veciños, como saben hai firmas, catrocentas firmas que o queren o luns, outros o queren o sábado, a min dáme igual, vou a manter o criterio que siga o concelleiro que é responsable desa área, el aposta polos sábados e ao final vaise deixar o sábado e o único que nos falta é facela distribución da localización dos postos ben, a sinalización vertical e coordinar coa policía e o servizo de limpeza, pero como tamén estamos a un nada de empezar coa remodelación do Parque da Coelleira, pois a localización do mercadillo polo paseo da Coelleira, se se van a empezalas obras agora ao mellor non se pode facer agora e como imos a empezar tamén de inmediato coa reforma do matadoiro, que tamén van ir os mercadillos aí, compaxinar todo iso, obras nun lado, obras noutro, policía, retirada de vehículos e demais. Eu vou a respectar, xa o digo aquí, claramente, o día que escolla o concelleiro, e el opta polo mercadillo os sábados, e so falta iso, coordinar, e o mercadillo vaise inicialo primeiro semestre do verán, agora cando veña o bo tempo, e ademais xa se iniciou un mercadillo arriba, na praza da igrexa, de maneira quincenal e non hai ningún problema, e vaise facer. Vale, pasamos ao seguinte Grupo, CABE, ¿teñen preguntas?

Sr. Pauliño del Rífo: Si, imos a ver, quería saber cómo está, se xa recibiu ou mellor dito, perdón, se xa recibiu o informe da empresa respecto das cámaras que ten colocadas vostede no Concello, na última en principio falou de que estaba á nosa disposición o expediente e despois contestou no último pleno que estaba pendente dun informe que lle ía a pasar a empresa, gustaríanos saber se a empresa xa lle pasou o informe e polo tanto nono pode dar. Por outro lado, vostede anunciou unha serie de medidas, de obras, de medidas de seguridade, mais ben, nas parroquias, gustaríanos como, pasos de peóns, bandas elevadas, etc, etc. Gustaríanos que mirara o tramo comprendido que hai entre o Bar Fontán e o cruce de Viso de Calvos, aí os vehículos andan, van a bastante velocidade con bastante perigo para os viandantes, é un tramo conflitivo, gustaríanos que mirara a posibilidade de meter algunha medida de seguridade nese tramo, desde o Bar Fontán a Viso de Calvos, mais ou menos desde o número 2 ao 24, onde está a fábrica de gasosas Lareva, correcto, entón gustaríanos que mirara iso para unha limitación de velocidade. Por outro lado, na estrada da Deputación de Sabarís a Pinzás, no barrio de Mosteiro, entre os números 21, que é de Mosteiro e o número 2 de Lousada, tamén nos gustaría que mirase algunha forma para controlar, por un lado a velocidade e por outro lado o perigo que sucede en algún que outro tramo, tanto para os peóns como nas saídas dos coches que acceden a esa estrada da Deputación, se pode actuar aí ou pode poñerse en contacto coa Deputación para que vaian a ver este tramo e se resolva esta inquietude que teñen os veciños e veciñas, destas dúas vías públicas. Por outro lado gustaríanos saber por qué, cando cerca dos trescentos nenos e nenas que participaron no Entroido este ano, os que se retiraban cara o Chano Piñeiro a partir do Píntega, non tiveron ningún tipo de axuda por parte dos operarios municipais, cousa que en anteriores circunstancias si axudaban, non se chegaba a cortalo tráfico de todo, había moitos rapaces, os profes non daban avío e normalmente contaban co apoio dos empregados municipais, gustaríanos saber se hai algún motivo en especial de por qué non axudaron este mes, este ano, e a ser posible se se pode



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

corrixir par outros anos. Gustaríanos tamén saber qué pasa cos famosos paneis que ía colocar nas parroquias, que vostede anunciou hai un ano, anunciadores, que tamén ía a facer un deseño espectacular, marca Gondomar, etc,etc, e que a día de hoxe, pois parece ser que non hai nada. Gustaríanos tamén saber, se co chapapote que lle botaron ás bandas elevadas da Rúa Emigrante, vai a suplir a falta de legalidade desas chepas que hai aí, e se é certo ou non é certo que non cumpren coa legalidade esas dúas chepas que se fixeron na Rúa Emigrante. Grazas.

Sr. Jimena Varela: Eu teño un ROGO, trasladado por unha veciña, é que no entorno da Praza de Abastos non hai papeleiras, se se poderían instalar algunhas, e despois tamén quería preguntar sobre a Mesa de Violencia de Xénero, que se convocou hoxe, se hai, se están a disposición, pois, os informes, cómo se valorou a situación ou os protocolos que se estableceron e como xa sei por onde me vai a ir, non estou falando dos datos sensibles de nomes nin de ningún dato persoal, simplemente de datos estatísticos, ou protocolos, ou se temos á nosa disposición algún tipo de información, sobre esa convocatoria, nada mais, grazas.

Sr. Alcalde: Grazas, Sra. Varela, se non hai mais preguntas, empezo por vostede, pola última pregunta sobre a Mesa de Violencia de Xénero, como sabe hoxe convocouse a determinadas persoas, psicóloga, CIM, garda civil, policía, manexáronse datos, si, das vítimas de violencia de xénero que hai, que son 22, no noso concello, e eu creo que a aca, ademais, desa comisión, non sei se é pública ou non, pero os datos consultarei co Secretario, co asesor municipal e xurídico todo aquilo que se lle poida dar e facilitar, por suposto, porque eu sei que ademais o único que pode facer con iso é axudar, contribuír a que isto vaia a mellor, entón non hai ningún inconveniente, o que pasa que eu agora non sei, a verdade, como aí somos, subdelegación, os colexios, non sei, preguntóilo e por suposto que si.

Vale, o da Praza de Abastos, miraremos se aí hai papeleiras, estanse colocando an varios sitios e tal, si, se llo din, seguro que é verdade, o que pasa é que é a primeira noticia que nos chega desa zona ¡non!

Despois, contestándolle ao Sr. Pauliño sobre a última pregunta que facía, das bandas elevadas, como se dicía na Rúa Emigrante fixéronse dous proxectos individualizados, un da zona de arriba e un da da abaixo, en en distintas fases, agora está rematada, puxéronse os pasos elevados e demais seguindo os criterios do proxectista e do arquitecto municipal e corrixíronse ademais eses últimos pasos elevados, que estaban, non é que estiveran fora da normativa, pero si que é certo ca calzada estaba mal e corrixíronse, para nada ten que influír nin a construción, nin a consistencia, nin nada dos pasos elevados en si, a canto menos reforzarían mais a estrutura ou o firme da calzada, pero entendo eu pero sobre eses datos tamén pedirei asesoramento porque eu nese sentido non podo darlle eses datos pero desde logo fíxose todo o que estaba na nosa man para facer unha rúa mellor, mais transitable, mais accesible, mais segura e para iso ademais están tamén os técnicos ¿non? e a recepción das obras.

Sobre os paneis nas parroquias, si que é certo que non se avanzou neso, pediuse a un tamén arquitecto que fixera un modelo, unha idea e non saía, disparábasenos o orzamento, só o deseño, e a verdade deixámolo, deixámolo aí francamente, é verdade, unha cousa por outra para facer outras cousas e quedounos esa pero retomareina, porque si que é certo que fai falta.

O dos nenos, que non tiveron seguridade e tal alí, pois non teño constancia, eu pedireille á policía un informe sobre este tema, xa non é Vías e Obras e que eu entendo que aí tiña que acompañalos a Policía Local, falaba, eu entendín aquí, operarios, creo que dixó algo así ¿non? persoal do concello, perdón, eu non sei porque se me foi mais á idea de operarios municipais e non á policía. Cubriuse a seguridade, hai un Plan de Seguridade, Protección Civil e demais, eu dou por feito de que iso tiña que estar cuberto, é a primeira noticia que teño, por suposto que





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

xa non se trata, non se trata de nada, trátase da seguridade dos nenos e hai que facelo, decatareime, é a primeira noticia, tamén que teño jeh!

A estrada de Pinzás-Sabarís, tomamos nota aí, da necesidade de limitala velocidade nese punto en Mosteiro, eu creo ca Deputación vai a poñer agora, doce, doce ou trece pasos elevados nas súas estradas, dentro dun Plan da Deputación de Seguridade Viaria en todo Pontevedra e a Gondomar, non sei se lle concederon doce ou trece pasos de peóns elevados, en sitios en onde ademais se lles pediu, se lle pediron moitos mais pero concedéronnos doce, non Pavillón Municipal, creo que hai un, na estrada Chaín – Morgadáns, non sei se hai algún nesta fase pero está previsto tamén cando asfalten colocar, na Xunqueira, agora de memoria non sei pero sei que son doce ou trece, con outros trece, catorce ou quince que imos a facer nos dentro do POS, da Deputación, que entra en proxecto tamén urbanización, accesos exteriores da Galiña Azul, Gardería das Monxas, diante da Igrexa de Donas, tamén, en total por aí temos, se non me faia a memoria, trece, catorce, doce, mais ou menos, con lombos tamén, como aquí na urbanización, vanse a poñer, en total en Gondomar vanse a poñer arredor de vinte e tantos pasos elevados, entre a Deputación e o Concello, e sempre atendendo a criterios ademais da veciñanza, é dicir, pídenos, aí por exemplo onde vostede di, dicíanos antes en Viso de Calvos temos dous escritos xa con varias recollidas de sinaturas pedíndonos, xa pedín un informe policial, xa están os informes técnicos e imos a incluílo nese proxecto do POS, esa zona, igual que diante do das monxas, e moitos dirán que imos a facer, o único que imos a facer e poñer valados e que non se pode circular por Gondomar, que tamén nos chegou, a ónde ides con tantos pasos de peóns que ao final non se pode andar, pero eu creo que prima a seguridade e ademais atendemos sempre as necesidades e ao que nos piden os veciños e en ese sentido, pois iso, eu creo que iso, vanse colocar arredor de trinta pasos elevados en tódalas estradas do Concello, casco urbano, etc.

Despois, dicíame o das cámaras. O das cámaras de seguridade, ben, eu mañá xustamente hoxe falaba co meu, coa concelleira Varela que pedía este tema, acceso ao expediente e eu dicíalle que ía a poñerme con ese tema, fixera unha solicitude xa, mañá quedei co responsable da empresa á unha e media creo, que xa lle dixen a vostede que se quere estar que non hai problema, temos que miralo, e coa empresa de protección de datos, tamén, e co responsable, co funcionario responsable dos datos do Concello que está nomeado, que é Manuel Soliño, que el é o OPD, responsable de datos tamén, con todos, para que iso, conforme fíxose co da pegada, todo que quede, todo para facilitarillo a vostede, eu entendo que ten que estar todo perfecto, para iso temos a toda esta xente da empresa de protección de datos e tal, traballando neste sentido, tamén lle adianto, que por exemplo, vanse a poñer en asuntos sociais, porque o piden os funcionarios que se poña tamén unha cámara, porque isto moitas veces soa ou parece que é unha maneira inquisitiva que queremos controlar, pero ao final son medidas de seguridade e queixásenme non sentido do acceso a Servizos sociais e que querían tamén meter cámaras porque así tamén están mais seguras se alguén entra, se desaparece algo do hall, que como están en tódolos sitios pois que tamén, de feito trasladáballo ao responsable, é dicir, agradezovoo que mo fagades por escrito, para que quede tamén claro que é unha petición vosá, ou sexa que é unha cousa que en xeral o demanda a xente como tamén hai cámaras no Colexio en Víncios e tódolos colexios escolares, pero mañá hai unha xuntanza para todo iso, para mirar o que nos puxemos, e para mirar o que estaba posto, para que reúna tódolos requisitos legais e sempre baixo a supervisión, ademais do Secretario, etc, saben que informes desfavorables e negativos non hai e se os houbese, eu son o primeiro en corrixilos para que non se, eu creo que estou sendo meticuloso con ese tema. Do que resulte mañá, eu chámoa e ten acceso a todo o expediente e a todo, e se hai algo que non estea legalmente ben, vou a selo primeiro en corrixilo xa, como se hai que sacala.

Moi ben, pois se non hai mais preguntas, todas están contestadas, excepto as dúas preguntas do Sr. Guitián que pedía que as puxera por escrito, que ademais meréceo porque son con datos mais técnicos, trasladarémossilas, mesmo se pode ser antes do Pleno, mellor, no momento que as teña, ¿vale?



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125

CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
[Pontevedra]

E non habendo máis temas que tratar, ás 21:42 horas do día 02.03.17, o Sr. alcalde remata a sesión e dela redáctase a presente acta que eu mesmo asino, de todo o que eu como secretario dou fe.